

MEMORIA ANUAL

CURSO ESCOLAR

2009 – 2010



CEIP EMILIA PARDO BAZÁN  
(A CORUÑA)

## MEMORIA ANUAL 2009-2010

### INDICE

|  |    |
|--|----|
| Introdución.....   | 1  |
| Obxectivos xerais .....  | 2  |
| Concreción do Proxecto de Dirección .....                            | 4  |
| Educación Infantil.....  | 10 |
| Primeiro Ciclo de Primaria .....                                     | 14 |
| Segundo Ciclo de Primaria .....                                      | 15 |
| Terceiro Ciclo de Primaria .....                                     | 16 |
| Normalización Lingüística .....                                      | 18 |
| Acción de potenciación do ensino galego en EI, curso 2009/2010 ..... | 22 |
| Comisión de Coordinación Pedagóxica .....                            | 26 |
| Departamento de Orientación .....                                    | 27 |
| Audición e Linguaxe .....  | 30 |
| Memoria de PT .....  | 32 |
| Educación compensatoria .....  | 37 |
| Biblioteca .....   | 40 |
| Plan Anual de Lectura. ....  | 45 |
| TIC .....  | 50 |
| Memoria EACE .....   | 56 |
| Saídas escolares .....   | 58 |
| Transporte escolar.....  | 60 |
| Servizos complementarios (comedor, madrugadores) .....               | 61 |
| Actividades extraescolares .....                                     | 63 |
| Situación das instalacións e equipamentos .....                      | 68 |
| Libros de texto .....  | 71 |

## **INTRODUCCIÓN**

No remate do actual curso escolar 2009-2010, primeiro correspondente ó mandato do actual equipo directivo queremos facer mención nesta memoria das seguintes valoracións:

Tal e como figuraba na introducción da PXA tivemos como obxectivos prioritarios conseguir un centro participativo, flexible e receptivo ás propostas do entorno mantendo a mesma traxectoria pedagóxica iniciada en cursos anteriores. Do elevado volume de actividades realizadas ó longo do curso podemos intuir que a participación acadouse totalmente. O clima de flexibilidade e de receptividade estivo presente na meirande parte das propostas presentadas e debatidas entre os diferentes sectores da comunidade escolar.

Consideramos moi importante a elaboración polo claustro das programacións de ciclo en educación infantil e primaria, así como a adecuación os novos documentos de avaliación na educación infantil.

As maiores dificultades encontradas estiveron relacionadas coa convivencia da xornada lectiva e as actividades de construción das infraestruturas en marcha, que provocaron unha modificación sustancial dos horarios de recreo, ata o punto de ter dúas quendas diferentes. Noutros casos as incomodidades causadas pola presenza de traballadores no centro en dependencias de uso común causou algúns problemas organizativos.

No referente as obras de infraestrutura dependentes das administracións educativas, debemos manifestar a nosa queixa máis rotunda polas dificultades padecidas para a obtención dun pobre resultado:

— Segueamos esperando a inauguración oficial do polideportivo municipal, a pesares de poder usalo nas clases de educación física no 3º trimestre.

— Lamentamos o investimento realizado pola Consellería de Educación e O.U. na construción dun patio cuberto que non cobre as necesidades

reais deste centro escolar, pola falla de espazo para acoller ós máis de 425 alumnos/as de educación primaria e por presentar defectos graves na súa construción así como pola eliminación parcial dunha parte do equipamento deportivo exterior con que contaba o colexio.

Manifestamos a nos profunda decepción pola adxudicación de centros realizada pola Consellería de Educación no marco do Proxecto Abalar, de implantación das tecnoloxías no 3º ciclo de educación primaria para o vindeiro curso escolar, favorecendo o ensino concertado sobre o público.

Facemos patente a nosa queixa no referente á aplicación do Decreto de Plurilingüismo que provocará a desaparición progresiva das Aulas de Potenciación do Galego en contornos castelán-falantes.

## **1.- OBXECTIVOS XERAIS PREVISTOS NA PXA**

### **OBXECTIVO 2.1.: Actualizar o documento que recolle os obxectivos mínimos e os criterios de promoción en educación primaria.**

Con respecto a este obxectivo, enunciado na PXA, cabe citar o traballo desenvolvido polos equipos docentes de ciclo ata completar ás programacións didácticas en toda a etapa de educación primaria, coa especificación dos obxectivos mínimos de cada ciclo.

A pesares do intenso traballo realizado non foi posible establecer os criterios de promoción en base á normativa establecida na LOE.

### **OBXECTIVO 2.2.: Revisar as programacións didácticas de educación infantil.**

En referencia a este obxectivo, o Equipo Docente de Educación Infantil redactou as programacións didácticas de ciclo axustadas ó currículo da educación infantil. Así mesmo, a partir do 2º trimestre do curso, realizouse

a implantación recollida na Orde de avaliación, adoptando os documentos que forman parte do expediente académico do alumnado empregando a aplicación XADE, tanto ó nivel da avaliación inicial como a avaliación individualizada e os boletíns informativos ás familias

### **OBXECTIVO 2.3.: Avaliación de diagnóstico.**

Realizouse a Avaliación de Diagnóstico seguindo os criterios e disposicións recollidos na normativa vixente. Se ben, é preciso considerar que o proceso de aplicación da citada avaliación seguido pola Consellería de Educación e O. U. non se considerou válido por parte do profesorado, por estar cheo de irregularidades no acceso ás probas de avaliación e ante as dificultades temporais que supuxo a corrección dos cuestionarios (alumnado, familias e profesorado).

Por outra banda, tamén é preciso sinalar a insuficiencia de resultados significativos que permitan establecer medidas correctoras para vindeiros cursos.

### **OBXECTIVO 2.4.: Concreción anual do Plan de introdución das TIC.**

Con esta finalidade participouse nun Grupo de Traballo para a elaboración de recursos dixitais para o encerado dixital e nun Seminario Permanente para o mantemento e actualización da revista dixital en-liña.

Potenciouse entre o profesorado a utilización da aplicación XADE para a xestión informática dos procesos de avaliación do alumnado.

Realizáronse variadas actividades nos niveis educativos que compoñen este centro escolar dirixidas á introdución das TICs nos procesos de ensino-aprendizaxe, tal e como se recolle na memoria TIC.

É importante sinalar as dificultades de conectividade wi-fi no edificio de educación primaria, que dificultaron o acceso á rede impedindo un normal desenvolvemento das actividades previstas.

## **OBXECTIVO 2.5.: Concreción anual do Plan Lector.**

Ver programa anual de obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro.

## **2.6. Outras actuacións.**

A Consellería de Educación estableceu un protocolo destinado a actuar preventivamente fronte a Gripe A. O centro realizou as actuacións previstas no protocolo, se ben o nivel de incidencia da pandemia non foi significativo no centro, a excepción dalgúns días, nos que índice de absentismo escolar resultou elevado. Empregouse a aplicación informática proposta pola Consellería de Sanidade para o seguimento do absentismo.

## **3. CONCRECIÓN DO PROXECTO DE DIRECCIÓN.**

***OBXECTIVO 1. Revisión dos documentos lexislativos elaborados polo Centro, así como da nomenclatura utilizada para adaptalos á LOE. Redacción do proxecto de xestión segundo o artigo 123 da Lei Orgánica, 2/2006, do 3 de maio de Educación.***

O traballo realizado para acadar este obxectivo centrouse *nas seguintes actuacións:*

Na Comisión de Coordinación Pedagóxica estableceuse un plan de revisión do Regulamento de Réxime Interior atendendo ao disposto no artigo 124 da LOE. Tras esta revisión redactouse un novo Regulamento para o Comedor Escolar, quedando pendente de finalización o referido RRI. Debido ós múltiples cambios organizativos nas entradas e saídas do centro, por mor das obras de construción do patio cuberto, a dirección do centro preferiu aprazar a elaboración definitiva do RRI ata o vindeiro curso escolar 2010-

2011.

Incorporáronse os novos currículos no 3º ciclo de educación primaria atendendo ao establecido no artigo 121 da LOE.

Progresivamente vaise eliminando a linguaxe masculina nos documentos incorporando o xénero feminino en tódolos textos.

Elabórouse a Programación Xeral Anual segundo o disposto pola Administración Educativa a partir do artigo 125 da LOE.

***OBXECTIVO 2. Potenciar o coñecemento da LOE e calquera outra lexislación educativa entre o profesorado do centro de forma que se convertan nas referencias do noso traballo.***

Este obxectivo ten unha temporalización longa debido ó propio desenvolvemento da LOE. Neste curso escolar realizáronse actividades de divulgación dirixidas fundamentalmente ó coñecemento da lexislación no campo das necesidades especiais de apoio educativo, facendo fincapé nos procesos de elaboración das adaptacións curriculares e dos procesos de solicitude de intervención dirixidas ó Departamento de Orientación.

***OBXECTIVO 3. Dinamizar os órganos de goberno e de coordinación docentes para facelos máis efectivos.***

Mediante as reunións periódicas establecidas para as actividades dos luns pola tarde tentouse acadar a maior coordinación posible entre o profesorado, establecendo algúns puntos de referencia para tratar nas sesións.

No referente á coordinación internivel hai que mencionar as dificultades aparecidas ó longo do curso por mor da falla de coincidencia horaria do profesorado. Trátase dun obxectivo difícil de acadar pola complexidade do noso centro, no que entran múltiples variables de organización que afectan tanto as persoas como ós recursos materiais.

A nivel dos órganos colexiados realizáronse as reunións preceptivas

para cada trimestre ademais de outras necesarias para o funcionamento do centro.

Continuamos a detectar dificultades para reunir ó Observatorio da Convivencia realizando só unha xuntanza ó longo do presente curso escolar.

***OBXECTIVO 4. Crear uns sinais fortes de identidade do Centro.***

A identificación do noso centro escolar como un centro plural cun carácter eminentemente público, aberto á comunidade educativa do barrio e colaborador cos entes locais e da administración, quedou reflectido nas innumerables aparicións nos medios de comunicación por mor das diversas iniciativas realizadas desde o centro.

***OBXECTIVO 5. Recoñecer e valorar o Departamento de Orientación como un órgano dinamizador e fundamental da vida do Centro.***

Para acadar este obxectivo realizáronse múltiples esforzos dende a Xefatura de estudos para facilitar o traballo do Departamento de Orientación en canto á dispoñibilidade de espazos, tempos ou materiais.

Mantivéronse reunións de coordinación didáctica entre a dirección do centro e o equipo de orientación, tentando establecer canles fluídas de comunicación entre as familias e o profesorado.

***OBXECTIVO 6. Fomentar o respecto entre todos os membros da Comunidade Educativa e motivar a recuperación da autoridade (que non autoritarismo) das mestras e mestres no seu significado real e pleno.***

Nos tempos actuais nos que a figura do educador como autoridade está cuestionada por parte da sociedade, é necesario resaltar o alto grao de implicación do profesorado do centro na resolución de conflitos entre o alumnado e coas familias. Das múltiples reunións semanais de titoría despréndese que nalgúns casos resulta case imposible acadar a colaboración das familias no proceso educador que ten a escola. A falla de recursos suficientes nos Servizos Sociais fai que ás veces o empeño dos



educadores en conseguir unha mellora na vida do alumnado se dilate no tempo sen resultados significativos.

A elaboración dun Regulamento de Comedor vinculado ó Regulamento de Réxime Interior pretendemos que sirva de base de referencia para o uso axeitado das instalacións do centro polos usuarios do servizo.

***OBXECTIVO 7. Fomentar a participación activa das familias do alumnado nas actividades do Centro.***

A consecución deste obxectivo centrouse ó longo do curso en múltiples accións conxuntas entre a dirección do centro, a comisión do consello escolar e a xunta directiva do ANPA [Milnen@s](mailto:Milnen@s), dirixidas fundamentalmente o campo das melloras infraestructurais:

- Entrevistas coa Xefa Territorial de Educación da Coruña.
- Entrevistas co Concelleiro de Educación e cos responsables do servizo Municipal de Educación.
- Reunións cos presidentes da AAVV e da Plataforma “Cole para todos”.

***OBXECTIVO 8. Potenciar a formación e o traballo en equipo do profesorado. Especialmente nas novas tecnoloxías.***

A participación do profesorado en actividades formativas (grupo de traballo e seminario permanente), actividades divulgativas entre compañeiros/as permitiu un incremento notable no uso das TICs no centro.

***OBXECTIVO 9. Respectar e cumprir e facer respectar e cumprir os artigos 9 e 10 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.***

Revisáronse os documentos emitidos polo centro evitando a utilización da linguaxe sexista nas circulares informativas dirixidas á comunidade educativa.

Conmemorouse o Día Internacional da Muller Traballadora.

***OBXECTIVO 10. Respetar os principios básicos de xustiza, solidariedade, tolerancia, respecto, igualdade ou calquera outro vital na formación do ser humano.***

Ó longo das reunións realizadas durante o curso escolar cos diferentes sectores da comunidade educativa mantívose, sempre que foi posible un nivel de respecto e tolerancia que permitiron acadar un bo nivel de relación entre todos e todas.

A conmemoración dos días establecidos no calendario a estes efectos: Día da Paz, dos Dereitos Humanos... permitiu un afondamento no coñecemento entre os diferentes integrantes da vida cotiá do centro

***OBXECTIVO 11. Articular medidas de actuación que favorezan a integración das diferentes minorías existentes no Centro: etnias, inmigrantes, NEE.***

Favoreceuse en todo momento a integración de igual a igual entre tódolos membros das diferentes minorías existentes no centro, recriminando as actitudes sectarias cando apareceron. Normalizando o control e seguimento dos comportamentos do alumnado con condutas disruptivas nos tempos de lecer, grazas a colaboración de todo o profesorado nas gardas de recreo.

***OBXECTIVO 12. Promover e impulsar o coñecemento da cultura galega e o uso do noso idioma en todos os ámbitos.***

Grazas a colaboración do EDLG e do EACE nas diversas e variadas propostas realizadas ó longo do curso potenciouse o uso da lingua galega, apreciándose un aumento por parte do alumnado nalgunhas manifestacións públicas das súas opinións.

Participouse nas diversas convocatorias ofertadas pola Concellaría de Cultura e polo servizo de Normalización Lingüística da Consellería de Educación

Mantívose a continuidade das Aulas de Potenciación do Galego en Educación

Infantil ata onde a lexislación o permitiu.

***OBXECTIVO 13. Dinamizar o funcionamento da Biblioteca do Centro como mediateca do centro como elemento clave no desenvolvemento docente e cultural do Centro.***

A pesares das dificultades organizativas que tivo que padecer a biblioteca do centro ó longo do curso, pódese considerar satisfactoria a utilización deste espazo como mediateca e como fonte de recursos para o desenvolvemento de moitas das actividades realizadas no centro.

***OBXECTIVO 14. Organizar e impulsar a utilización correcta do Salón de Usos Múltiples.***

A mellora das dotacións infraestructurais do SUM, tales como a instalación dun novo sistema de telóns e a dotación dun sistema de iluminación artística, permitiron transformar este espazo nun lugar de expresión artística variada: teatro, música....

Instalouse un sistema de protección da zona de escenario para preservar en mellor estado a instalación realizada.

Mantivéronse reunións periódicas co persoal encargado das diferentes actividades que se desenvolveron no SUM para propiciar o coidado das instalacións, se ben neste apartado seguen aparecendo dificultades na aplicación das normas de uso.

***OBXECTIVO 15. Estudar a distribución dos espazos do centro para aproveitar ao máximo as súas posibilidades.***

*A concreción anual deste obxectivo céntrase nas seguintes actuacións:*

A realización do desdobre da aula de internet municipal en dous espazos para ubicar as aulas de relixión católica permitiu unha utilización máis axeitada deste espazo. Pero tivo un coste real, que supuxo a inutilización do equipamento

informático da Aula de Internet Municipal.

O investimento para converter en espazos ambivalentes a biblioteca infantil e a sala de vídeo facilitou o traballo do persoal educativo no edificio azul, detectándose a pesar de todo o esforzo, dificultades para o desdobre de grupos nalgunhas actividades.

***Os obxectivos 16, 17, 18 e 19 do Proxecto de Dirección están recollidos nos obxectivos xerais do centro que aparecen no punto 2 desta PXA.***

A consecución destes obxectivos tivo como referentes o traballo realizado polos ciclos e equipos de coordinación didáctica.

***OBXECTIVO 20. Mellorar o aspecto físico do colexio tanto externo como interno, do edificio anexo e da parte exterior.***

Para a consecución deste obxectivo realizouse un exhaustivo traballo ó longo de todo o curso que veu determinado por:

A substitución do depósito de combustible da caldeira do edificio principal realizada no período estival.

A recuperación do invernadoiro como novo espazo resultante da actuación anterior.

A presentación dun dossier gráfico coas necesidades de melloras infraestructurais a realizar polo concello no apartado de pequenas reparacións, supuxo unha notable intervención do SME na mellora das deficiencias que presentaba o centro.

A renovación do sistema de pechamento do recinto escolar, realizada polo Concello da Coruña, mellorou notablemente a seguridade do recinto escolar.

### **EDUCACIÓN INFANTIL**

O curso 2009-2010 comezou marcado pola complicada situación da aula de 3 A, na que estaban escolarizados 2 alumnos de nee sen diagnosticar.

Durante o 1º trimestre houbo unha loita constante por parte de todo o persoal do centro implicado para que o diagnóstico se realizara o máis rápido posible, sin chegar a conseguilo, houbo que asignar moitos apoios a esa aula. No segundo trimestre un dos alumnos antes mencionados deixou de asistir o centro, por traslado a outra provincia, regulando a situación da aula.

Por parte da inspección se nos pediu que actualizáramos a programación do ciclo dentro do 1º trimestre.

Continuamos co proxecto lector:

- realizando sesión diaria de lectura
- solicitando a colaboración das familias coa aportación dun conto no nadal para incremento das bibliotecas de aula.

Moitos dos libros están seleccionados e destinados a completar a nosa actividade docente. Decidiuse que a partir do curso 2010/2011 esa aportación farase a principio de curso.

- este curso realizáronse visitas a biblioteca municipal do barrio. O grupo de 5 anos "C" presentou o "Conto viaxeiro", que se elabora en colaboración coas familias neste curso do ciclo, no II Concurso "Cóntame o teu conto" da biblioteca municipal dos Rosais gañando o premio especial libro colectivo. En consecuencia todo o ciclo foi agasallado con un concerto do grupo "Mamá cabra".

Na semán das letras galegas:

- realizáronse actividades arredor de Uxío Novoneyra
- participamos no festival con diferentes actuacións

Seguimos compartindo o espazo da biblioteca con audición e linguaxe.

Este curso tivemos a nosa disposición unha conserxe a tempo parcial, o que facilitou o noso labor diario.

"No referente ás Tecnoloxías da Información e Comunicación, contamos con tres sesións semanais de asesoramento específico que xunto coas de dinamización e coordinación tic. adicaronse a:

Resolución de problemas relacionados co funcionamento dos equipos.

Xestión de documentos compartidos en liña.

Aplicación de programas educativos

Creación de materiais educativos.

A integración da web 2.0 e as aplicacións educativas como ferramenta de traballo tanto nas aulas como entre o profesorado.

Neste curso:

- Conseguiuse o acceso wifi en todas as dependencias do edificio azul, o que facilitou a integración de programas e recursos educativos en liña.
- O encerado dixital interactivo foi utilizado por todo o alumnado de infantil, dun xeito sistematizado con sesións fixas semanais e agrupamentos flexibles.
- Dotación ás aulas de pantallas.
- Proxectores de uso compartido."

A xornada de portas abertas durante este curso, programouse para que nunha primeira parte o director a través do proxector puidese presentar aos pais o colexio así como os profesores que forman parte do equipo de infantil. O profesorado de infantil encargouse nunha segunda parte de mostrarlle aos pais as instalacións de infantil.

No segundo trimestre o profesorado de infantil incorporouse ó sistema xade para a calificación dos alumnos.

Como outros anos fixéronse as saídas escolares organizadas polo concello teatro, concertos do palacio da Ópera,rutas urbanas,Parque de bombeiros,educación ambiental na lagoa de Eirís,visita aos museos científicos e Bonilla.

Fixéronse actividades colectivas como

1º Magosto

2ºNadal

3º Dia da paz

4º Entroido ,con desfile de disfraces e festa gastronómica

5º Festa de graduación.O alumnado de cinco anos realizou, en presenza dos seus familiares,

pequenas actuacións e fíxose entrega da orla da promoción.

6º Festival das letras galegas,no que participaron todas as aulas de infantil.

7º Dia 22 de xuño, festa fin de curso organizada pola ANPA.

## DIFICULTADES

- Masificación do alumnado.O edificio quédase pequeno.

-Deficiente acceso as aulas ,debido as moitas escaleiras e a que os pasillos quedan estreitos

-Falta de máis baños.

-Non hai espazos para impartir determinadas materias.

-Espazo inadecuado para actividades motrices e musicais, xa que o patio cuberto non reúne condicións,ten mala acústica e nel hai unha continua interrupción da sesión.

-Non existe saída de emerxencia.

-Dificultade de realizar determinadas saídas dídácticas ante a falta de persoal para acompañar a cada grupo.

## CARA O VINDEIRO CURSO

-Dado o incremento de alumnado con N.E.A.E. vemos necesrio tamén un incremento de profesorado especialista en A.L e P.T.

-Posibilidade de armarios para gardar o material de psicomotricidade, pois non hai un sitio adecuado para elo.

-Necesidade de taquillas para que cada profesor-a poida gardar as súas pertenzas persoais.

-Necesidade dun sistema automático de porta.

-Continuación do persoal de conserxería nos termos nos que participou este ano.

-Organización entre o ciclo e o Dpto. de Orientación dos horarios de apoio atendendo ás N.E.A.E. como prioridade.

-Sempre que fora posible, solicitar informe as garderías para anticiparnos ao posible alumnado con problemas.

-Necesidade de estores para as aulas de JOAQUINA E AURORA.

## **PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA**

Durante o presente curso traballáronse todos os obxectivos recollidos na PXA, cun resultado óptimo en termos globais. O remate deste primeiro ciclo desexamos destacar as seguintes cuestións:

-Incidíuse especialmente na necesidade de mantela atención por parte d@s alumn@s, indispensable para o desenvolvemento das actividades escolares, considerando que é necesario seguir a traballar neste aspecto.

-En termos xerais, estimamos que se acadaron os obxectivos de



adquisición da técnica lecto-escritora, de cálculo e razoamento lóxico-matemático.

-Traballouse de xeito continuado para desenvolver hábitos de respecto e mellora do contorno máis inmediato, aínda que consideramos necesario que se debe seguir impulsando este punto no vindeiro curso.

-Ao longo do curso concedémoslle notable significación ao obxectivo de desenvolver hábitos de cortesía no trato, pero cremos que para a súa adquisición ou interiorización, é imprescindible a colaboración coas familias, e isto non é posible en tódolos casos.

-Participouse no Plan de Fomento da Lectura que levou a cabo o colexio mediante o Plan de Lectura Silenciosa Sostenida. Estimamos que, en xeral, os resultados son altamente satisfactorios.

-Participouse tamén en actividades e efemérides levadas a cabo ao longo do curso:

Magosto, Samaín, Festa do inverno, Día da paz, Entroido, Día da muller traballadora, Letras Galegas, teatro, concertos, etc.

- Favoreceuse a integración e a atención á diversidade de todo o alumnado co fin de desenvolver neles os valores e actitudes axeitadas de convivencia, humanidade e valores democráticos.

## **SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA**

Ao longo deste curso, traballáronse os obxetivos do ciclo marcados na PXA.

- A valoración é positiva en canto aos resultados das competencias básicas adquiridas pola maioría do alumnado. No referente a hábitos e técnicas de estudo, os obxetivos acadados pódense valorar tamén positivamente.
- Continuamos co proxecto de lectura establecido no centro, e co fin de mellorar a competencia lectora tamén traballamos dentro do horario destinado ás linguas, dous libros de contos: un en galego e outro en castelán e un panel de actividades que o alumnado foi desenvolvendo ao longo do segundo e terceiro trimestre.

- Seguimos a potenciar o uso da lingua galega, tratando de normalizala dentro do ámbito do colexio.
- Fixéronse traballos de investigación sobre temas propostos na aula e relacionados co currículo, empregando libros traídos da casa, da biblioteca, internet etc.
- Fíxose moito fincapé en desenvolver hábitos sociais entre o alumnado, como aprender a escoitar, non interrompir e manter a atención ante calquera observación dun ensinante; obxectivo bastante difícil de conseguir e que dificulta seriamente o labor docente. Sobre este tema consideramos prioritario seguir insistindo e implicando a toda a comunidade educativa.
- Tamén se traballou na titoría, o respecto polas instalacións do colexio e entorno, sensibilizando ao alumnado na defensa do medio ambiente.
- Potenciouse a valoración da pluralidade e respecto para outras culturas.
- Participouse nas actividades comúns programadas no centro e nas saídas e visitas culturais concedidas ao ciclo.

### **TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA**

Os obxectivos propostos a principio de curso e que constan no Plan Xeral Anual, conseguíronse na maioría dos alumnos e alumnas do 3º ciclo.

En canto aos aspectos curriculares, o alumnado acada, en xeral, o nivel esixido, se ben algúns titores perciben que este nivel adquirido non tende a aumentar, senón máis ben a diminuír con respecto a promocións anteriores tomando como referencia probas avaliatorias que, con anterioridade, resolvían satisfactoriamente a media dos grupos, polo que cumpriría tomar medidas se esta percepción se constata en próximas promocións .

A posible explicación estaría, sobre todo, na falla de atención e de

hábitos actitudinais que favorezan o traballo silencioso, a concentración, a sistematización e a autonomía, aspectos todos traballados con intensidade e sistemáticamente en todas as titorías, así como tamén o esforzo. A pesar de todo a consolidación de todos eles resulta difícil de lograr.

Con respecto aos hábitos e técnicas de estudo, os obxectivos acádanse nun grao axeitado. As dificultades máis grandes mostráronnas nas estratexias para a resolución de problemas e, como sempre, no cálculo (na materia de Matemáticas), e na lectura expresiva, na adquisición e/ou incorporación do novo vocabulario e a corrección e presentación dos escritos de produción propia (na área de Lingua).

Adicamos especial atención ao coidado, responsabilidade e mantemento da limpeza dos obxectos e espazos comúns. Parécenos preocupante a deixadez mostrada polo alumnado neste aspecto; por tal motivo, seguimos mantendo a medida de que tomen a comida ou bebida que traian para o recreo na propia aula e que non baixen ao patio envases, nin envoltorios.

Seguimos a traballar no Plan Lector que valoramos positivamente, sobre todo as lecturas colectivas con textos indicados polos/as titores/as, se ben notamos tamén que ningunha das actividades do Plan, fai lector ao alumnado que non aprecia a lectura. Como novidade, este curso informatizamos a biblioteca de aula nas aulas de 6º curso. A xestión da biblioteca correu a cargo do alumnado.

O noso alumnado segue colaborando no Proxecto Voz Natura.

Participamos tamén nun traballo do alumnado da especialidade de Arte da Facultade de Ciencias da Educación titulado Autopsia Educativa.

Os/As alumnos/as de 6º curso formaron parte do proxecto “Vagalume da Torre”.

Como todos os anos fixemos radio en directo no programa “Radio en ruta” que resulta moi interesante e logra a participación e a cooperación de practicamente todo o alumnado de 6º curso, se ben nos parece como dato negativo que están a aumentar en exceso a publicidade que emiten xusto antes do comezo da nosa participación.

As profesoras de Relixión organizaron un pequeno encontro

interreligioso e intercultural para os/as alumnos/as de 6ª de Primaria cos obxectivos de dar a coñecer os aspectos fundamentais do Xudaísmo, do Islam, así como as características dos Cristiáns Evanxélicos, e iniciar no intercambio e no diálogo entre as culturas desde o convencemento de que son os mellores instrumentos para construír a Paz.

### **NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA:**

Guiándonos polos obxectivos propostos no plan de traballo de comezos de curso, durante este ano académico no noso centro realizamos as seguintes actividades para a divulgación da lingua e a cultura galegas:

- Dando continuidade ao proxecto “Galeguizando o colexio”, ao comezo de curso entregáronse e expuxéronse en todas as clases os carteis de vocabulario realizados durante o curso anterior.
- Compúxose un libro no que se recollen os xogos populares recompilados durante o curso pasado coa axuda das familias. Este libro está na actualidade en fase de impresión, pendente de entrega a finais deste mes, polo que se poñerá a disposición da Comunidade Educativa a comezos do próximo curso. Está previsto repartir un exemplar para cada ciclo, deixar outro na biblioteca e organizar diversas actividades para sacarlle o maior partido, desde o punto de vista pedagógico.
- Deseñáronse e elaboráronse diferentes actividades co programa Notebook 10 para ser traballadas na pantalla dixital. Estas actividades están á disposición de todo o persoal docente do centro.
- Participamos en proxectos de fomento do galego do Concello de A

Coruña.

- Dentro do noso obxectivo de presentar a lingua galega asociada a situacións lúdicas e atractivas para o alumnado, contamos con diferentes actuacións musicais durante o curso (o cantante do grupo Fol do Vento, e o grupo Mamá Cabra) e unha obra de teatro ofertada polo Concello da Coruña titulada: “Historia dunha semente”.
- Durante este ano organizáronse varias obras de teatro nas que a lingua vehicular foi o galego. Obras que tiveron moi boa acollida entre o público de todos os ciclos.
- Colaboramos coas titoras e titores elaborando materiais para traballar na aula como o “Receitario de sobremesas de Entroido” .
- Convocamos o concurso da mascota do ENLG no que foron seleccionadas 3 personaxes coas que traballaremos durante o próximo curso.
- Celebrouse o “I Certame Artístico Literario” cunha moi boa participación nos primeiros ciclos.
- Colaboramos coa biblioteca entregando como agasallo un libro en galego aos máximos lectores de cada ciclo.
- Contribuímos a aumentar os fondos bibliográficos en galego da nosa biblioteca escolar.
- Axudamos a darlles publicidade a diferentes actividades en galego ofertadas desde o Concello.

- Adquirimos novos títulos para a nosa fonoteca en galego.
- Colaboramos no mantemento da Revista Dixital do colexio con varias novas en lingua galega.
- Facilitamos a todo o profesorado diferente material didáctico (unidades didácticas, libros de lectura, direccións de páxinas web,...) para traballar a obra de Uxío Novoneyra, o escritor a quen se lle adicou este ano o Día das Letras Galegas.
- Organizamos, en estreita colaboración co equipo de Actividades Extraescolares, un Festival para a celebración das Letras Galegas. Debido á grande cantidade de alumnado con que conta o noso centro, este festival tivo que levarse a cabo en tres sesións nas que houbo obras de teatro, bailes, cancións, recitado de poemas e unha breve exposición da vida e obra de Uxío Novoneyra.
- Nas xuntanzas do Equipo de Normalización fíxose o seguimento das aulas de Potenciación da Lingua Galega en Educación Infantil. A avaliación final deste proxecto é moi positiva xa que se constata que o alumnado que asiste a estas aulas mellorou a súa competencia na expresión en galego. O equipo de docentes que imparten clase nestas aulas expresan a súa satisfacción polos logros acadados, ao tempo que constatan a necesidade de máis recursos audiovisuais en lingua galega.

Todas estas actividades puideron ser posibles gracias á **moi boa coordinación** que se **estableceu entre todos os equipos de traballo do colexio** (Extraescolares, Normalización Lingüística, Biblioteca, TICs, Departamento de Orientación, Equipo directivo e Equipos de Ciclo).

De feito, ademais das actividades de centro, tamén houbo persoas e equipos de ciclo que, aínda que non forman parte directa deste Equipo de

Normalización, levaron a cabo actividades que potencian a divulgación da lingua e a cultura galegas:

- O seguimento das festividades celtas ao longo do ano no primeiro ciclo.
- A preparación de obras de teatro e outras actuacións en moitas clases.
- A lectura colectiva dun libro en lingua galega en todos os ciclos.
- Actividades de animación á lectura ofertadas por unha editorial para os alumnos de 4º nivel.
- A redacción de noticias e contos para a elaboración dun programa de radio (dentro do programa “A Radio en Ruta”) que emitiu Radio Coruña desde o noso centro co alumnado de 6º curso como redactores/-as e locutores/-as.
- A composición dun conto viaxeiro nas aulas de E.I. de cinco anos; conto que, a iniciativa das familias, foi presentado a un concurso da Biblioteca Municipal do barrio, resultando premiado.
- O emprego do galego como lingua habitual de comunicación co alumnado por parte de varios profesores tanto dentro como fóra da aula.

En xeral, a valoración dos proxectos levados a cabo durante o curso é moi positiva; aínda que temos que seguir traballando moito xa que a presenza real da lingua galega nas relacións espontáneas entre o alumnado é aínda moi escasa. Con todo, confiamos en que, entre todos, sigamos avanzando.

## **ACCIÓN DE POTENCIACIÓN DO ENSINO GALEGO EN E. INFANTIL. CURSO 2009- 2010.**

O centro conta con tres unidades de educación infantil implicadas no proxecto, nas que hai matriculados 67 alumnos, distribuídos da seguinte forma :

-25 alumnos do 4º nivel de E. Infantil.

-17 alumnos do 5º nivel de E. Infantil.

-25 alumnos do 6º nivel de E Infantil.

As titoras destas 3 unidades son respectivamente : , Consuelo Beiroa, Teresa Bernedo e Mª Victoria Mantiñán Canzobre. ,

O colexio Emilia Pardo Bazán está situado nun barrio de Coruña , no que a maioría do alumnado procede dun contorno sociolingüístico castelán-falante. Aínda que moitos con ascendencia galego-falante ,outros non teñen contacto co galego na familia por seren fillos de pais castelán-falantes ou , ás veces pais non galegos.

Cada novo curso obsérvase que a tendencia é a aumentar a demanda de escolarización en galego polo significativo aumento das familias que manifestan preferir esta opción , ou ,cando menos , non rexeitala (25 familias optan por ela , e 13 non a rexeitan).

### **VALORACIÓN DO PROXECTO:**

As tres aulas de potenciación do galego coordinanse, en canto a contidos e actividades , co resto do ciclo participando nas celebracións que programa o colexio no seu conxunto, pero dándolle un contido máis galego.

A valoración é positiva acorde con cada un dos obxectivos que se fixaron.

Obsérvase nos nenos qué:

1º-Os castelán-falantes tenden a buscar os termos correspondentes en



galego.

2º-Aínda con dificultades intentan dirixirse en galego á profesora. Detéctanse 4 nenos no 4º nivel, que sen ter ningún referente familiar nalgúns casos, intentan o discurso en galego con bastante éxito.

3º-En xeral, na súa fala aparecen expresións que reflicten a interacción dos dous códigos.

4º-Empregan vocabulario galego cando se refiren a experiencias feitas na clase (vermes, sementes, etc) e na reprodución de contos.

5º-Comúnanse entre eles maioritariamente, en castelán, pero escoitan as intervencións en galego e intentan usar este idioma.

6º-Cando memorizamos pequenos textos, nótase máis dificultade nos castelán-falantes, pero en xeral hai avance. En 4 e 5 anos (5º e 6º nivel) xa se escoitan nenos con discurso total e correcto en galego.

Se partimos de que esta lingua nos identifica, e como tal é un ben cultural irremprazable, temos que coidala. Dada a súa situación agonizante, nos contornos urbanos sobre todo, as medidas teñen que ser máis decididas.

Referímonos a:

-Surtir de materiais audiovisuais atractivos e pedagóxicos, específicos para o ensino en contextos bilingües.

-Asesorar e formar ao profesorado que se implica tendo en conta a realidade obxectiva da situación:

Se a aprendizaxe dunha lingua allea amplía os horizontes cognitivos, comunicativos, creativos e psicomotores do individuo, a aprendizaxe da lingua propia, ademáis de todo isto, intégraos na comunidade cultural que a lingua transmite e sustenta, polo que as actitudes de estima e interese teñen que ser obxectivos primordiais. De aí a importancia de materiais atractivos e situacións lúdicas e divertidas onde a aprendizaxe tome sentido integrador. Pospoñemos, como obxectivo, “a produción lingüística” fronte o de “crear apego” e por iso nos parece fundamental atender aos dous aspectos que

anteriormente citamos: materiais e formación.

Por parte do profesorado móstrase unha actitude de respecto en xeral, e de axuda e colaboración por parte do Equipo de Normalización e do Equipo Directivo.

### **ASPECTOS SOBRE OS QUE REFLEXIONAR:**

Tendo en conta que se trata de nenos de 3 e 4 e 5 anos nos que aínda a lingua de uso familiar está a madurar, cremos que as expectativas se van cumprindo amplamente:

Os galego-falantes son capaces de interaccionar cos compañeiros en castelán.

Os castelan-falantes esforzanse por usar o galego e avanza na comprensión do mesmo.

Respecto a comprensión, hai que salientar que, entenden perfectamente os contos, as consignas etc. Isto pon de manifesto que o galego non lles é alleo aínda que non sexa activado coma lingua de uso habitual.

No que atinxe ás actividades, en xeral, consideramos fundamental visualizar, manipular, expresar co corpo, co ritmo e plasticamente experiencias sensibles e afectivas. Apoiamos sempre nelas a aprendizaxe da lingua.

Salientaría as seguintes:

-Traballos sobre contos.-Extraemos dun conto: cancións, adiviñas, rimas, expresión plástica (individual/colectiva),

expresión corporal(escenificar/mímica).. O grupo de 5 anos ( 6º nivel ) presentou o “CONTO VIAXEIRO “que se elabora en colaboración coas familias neste nivel do ciclo, no 2º concurso “ CÓNTAME O TEU CONTO” da Biblioteca Municipal do barrio. Gañaron o premio especial “LIBRO COLECTIVO” e por isto, todo o ciclo foi agasallado con un concerto do grupo Mamá Cabra.

Seleccionamos contos con unha parte rítmica sonora repetida ao longo da

narración. Esta chega a ser memorizada e aproveitada dende o punto de vista lúdico e psicomotor.

-Rescatar xogos tradicionais con rimas repetidas e sonoras, movemento, mimo, onomatopeas etc.

-Experiencias no recanto “Cousas da Natureza” sementes, animais, carteis etc; cousas para mirar, tocar, sentir, xogar, pero con nome galego.

Destacamos unha actividade que conxuntamente levaron a cabo as tres clases. Propuxémonos como obxectivo que os nenos crearan textos escritos .

Seguimos os seguintes pasos:

1º-Presentamos personaxes da tradición cultural galega ( Merlín, curuxa ,trasno, raposo, bolboreta e espantallo). Observáronos en imaxes ,recreados en contos, buscáronlle nomes e fixeron con eles rimas e cancións.

2º-As familias aportaron moi variadas e curiosas formas de “comezar” e “rematar” contos.

3º-Cada neno creou o seu conto personal

-A participación en todas as celebracións e proxectos xurdidos a nivel do colexio, nas distintas comisións, nas que intentamos que prime sempre o engarzamento coa nosa tradición ,o vocabulario galego específico, así coma facendo aportacións propias.

Así, taniscamos castañas, pintamos cabazas de Samaín, disfrazámonos no entroido e co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, escoitamos cantamos e recitamos poesías ,no festival que celebrou o colexio e fixéronse traballos relativos a vida e obra de Uxío Novoneyra. Queremos mencionar, insistindo no entorno urbano “desgaleguizador”, que nas saídas que fixemos a fóra do colexio(bibliotecas, rutas urbanas, acuario, museo) non se dirixían aos nenos en galego, a pesares de que nós, intencionadamente, o facíamos.

Pasouse unha enquisa ao alumnado de todo o colexio para coñecer a situación do galego neste contorno escolar. Da mesma dedúcese que en xeral, existe interese por aprender, e unha actitude aberta e positiva cara a

valoración desta lingua.

### **ASPECTOS POSITIVOS DA CONVOCATORIA:**

Citamos os seguintes:

1º-Dá a posibilidade de contribuir á valorización positiva e respecto á nosa lingua e á nosa cultura.

2º-Posibilita tamén, perseguir dende idades temperás que os rapaces/as acaden competencias por igual nas dúas linguas cooficiais.

3º-Permite que o idioma galego sexa o vehículo transmisor da cultura, recuperando ámbitos de uso habituais de calquera idioma, en concreto o ensino nestas idades.

4º-Participación de compañeiras do colexio que colaboraron na experiencia da creación de textos e coas que poidemos contrastar opinións acerca da necesidade de recuperar o noso idioma.

### **COMISION DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA**

No CEIP Emilia Pardo Bazán de A Coruña no curso 2009/10, a CCP reuniuse un total de oito veces para tratar diversos aspectos.

Os puntos tratados foron os seguintes:

- Constitución da CCP, composición, diferentes equipos e comisións.
- Proposta de obxectivos da CCP e do DO para a PXA.
- Avaliación diagnóstica.
- Traballouse no Regulamento de Rexime Interior .

- Decisión de datas de avaliacións, programacións, festividade e celebracións, rastrillo, saídas...
- Análise da situación particular dunha aula de Infantil 3 anos.
- Información da reunión coa Xefa Territorial de Educación sobre a situación das obras do centro.
- Organización do centro durante o pintado das aulas.
- Seguridade no transporte escolar.
- Reestructuración das quendas de patio pola entrega das obras.
- Proxecto Avalar

Ademais de todos estes puntos, na CCP, o mesmo que nos claustros informouse das novidades que atinxen ao centro, así coma a posta en común das decisións e suxerencias saídas das reunións de ciclo, co fin de que exista unha boa comunicación no centro

## **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

**Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos na programación xeral anual:**

Reseña do que se fixo durante este curso:

**1ª O labor de asesoramento e orientación ao alumnado, ao profesorado e ás familias, realizouse a través das demandas recibidas en**

**En Educación infantil:** Demandas solicitadas: 56

Do profesorado: 26

Das familias: 18

Motivos de consulta:

- \* Dificultades de adaptación ás normas de convivencia no colexio e/ou no fogar: 2
- \* Dificultades de aprendizaxe: 4
- \* Orientacións ás familias sobre temas puntuais: 5
- \* De alta capacidade: 1

**En Educación Primaria:** Demandas solicitadas: 80

Do profesorado: 30

Das familias: 50

Motivos de consulta: entre outras:

- \* Dificultades de adaptación ás normas de convivencia, no colexio e/ou no fogar: 2
- \* Dificultades socio-familiares: 4
- \* Dificultades de aprendizaxe: 3

Orientación ás familias sobre temas puntuais: 15

O proceso que se segue diante de cada demanda ao departamento, queda rexistrada na Ficha de derivación de orientación, con rexistro de entrada en secretaría.

A intervención dende orientación, realízase sempre, en coordinación co profesor/a titor/a, así como o profesorado especialista do departamento.

## **2º. En relación ao apoio aos procesos de ensino-aprendizaxe a través da colaboración co profesorado, realizáronse as seguintes actuacións:**

Ao longo do curso o Xefe de Estudos convocou ao Observatorio da Convivencia donde, estiveron a facer unha análise da convivencia no centro para presentalo ao profesorado e os participantes do Observatorio.

Ao remate de curso, o director e o departamento, elaboraron dous

informes co fin de argumentar a necesidade de dispor de máis profesorado especialista en orientación, xa que hai moitas ncesidades que atender.

Xuntanzas co departamento de orientación do IES Salvador de Madariaga, e o IES Rafael Dieste xa que vai algún alumnado a este instituto. Durante o curso mantivemos o contacto e coordinación, cos dous IES.

#### Coordinación e/ou contactos periódicos con **servicios externos:**

Equipo de Orientación da Consellería de Educación, a quen pedimos catro ditámenes de escolarización para o alumnado., aínda faltan dous por facer.

Servicios Sociais dos Rosales: Infomación sobre o absentismo por parte do colexio, do alumnado que falta a clase.

Asimesmo conectamos con Menores, co Hospital Materno infantil, con gabinetes psicolóxicos, co Centro de Saúde Mental. Todos prestan unha atención socio-educativa e sanitaria a algúns dos nosos alumnos/as, co o obxectivo de coordinar no marco dunha intervención multiprofesional.

#### **Suxerencias e recomendacións ás familias sobre algúns dos aspectos educativos consultados:**

Derivación dos nenos/as a especilistas externos se procede e/ou se demanda. Cada curso vai en aumento.

Libros de información sobre o tema de ciumes, de límites na educación dos fillos, dos nenos inquedos e moi activos, con falla de atención e de indisciplina, desmotivación, inestabilidade emocional, separacións dos pais-nais, enfermidades graves e falecemento de familiares,....

## **AUDICIÓN E LINGUAXE**

A aula de audición e linguaxe, como recurso de axuda á integración do alumnado que presenta necesidades específicas na adquisición e/ou desenvolvemento da linguaxe, atendeu durante este curso a un total de 32 alumnos/as: 12 de Educación Infantil e 20 de E. Primaria. Todos teñen en común a necesidade de recibir unha atención individualizada para a estimulación e/ou rehabilitación da linguaxe e a comunicación, pero as intervencións foron moi distintas debido á heteroxeneidade de necesidades en canto a:

- NIVEIS EDUCATIVOS: desde E.I. de 3 anos até terceiro ciclo de E. Primaria.
- SESIÓNS NECESARIAS: desde alumnos que só precisan unha sesión semanal até algúns que necesitarían 5 sesións semanais, compartindo apoio coas especialistas en Pedagogía Terapéutica..
- INTERVENCIÓN LOGOPÉDICA: desde alumnos/as que só precisaron unha exploración fonolóxica e recomendacións de actuación para as/os titoras/-es e a familia, até nenos/as con grandes necesidades a nivel semántico, sintáctico e pragmático asociadas a síndromes específicos (síndrome de Down, Autismo, síndrome de Sotos); pasando por alumnado con problemas de articulación dun ou varios fonemas, de fluidez verbal ou dificultades na adquisición e/ou desenvolvemento das destrezas lectoescritoras.
- MODALIDADE: Algúns destes alumnos/as necesitarían recibir o apoio na súa propia aula, mentres que outros necesitarían unha atención individual na aula específica de A.L.



**Desgraciadamente**, e como era previsible, **a redución de recursos humanos** na Aula de A.L. **influiu moi negativamente** na atención ofertada polo noso centro durante este curso ao seu alumnado. Ao pasar dos 2 especialistas de A.L. cos que contaba o colexio durante o curso anterior a un único especialista:

— Cinco **alumnos/as** de E. I. **que recibiron atención** de A.L. **durante o curso pasado** e que a seguen precisando **non puideron tela** por falla de dispoñibilidade horaria da especialista.

— O **número de sesións** de case todos os alumnos viuse **reducido**, en moitos casos de xeito drástico. Esta redución foi, nos casos máis graves, “compensada” parcialmente polo aumento de apoio de P.T.; pero aínda así, a redución foi moi notable.

— Por outro lado, a modalidade de atención viuse tamén moi comprometida: Debido á **necesidade de agrupar aos alumnos/as** para poder adicarlle algo de tempo ao maior número posible de nenos/as que presentan dificultades, á especialista de A.L. foille **imposible realizar apoios dentro da aula ordinaria**.

Por outro lado, moitos nenos/as que precisarían unha atención personalizada e individual, polo menos nalgunha sesión, non puideron contar con esa atención e mesmo tiveron que **compartir** as súas **sesións** con alumnado con **problemáticas** moi diferentes e mesmo **incompatibles** coas súas. Como era de esperar, isto influiu negativamente no aproveitamento dalgúns apoios.

Con todo, a **boa coordinación de todas** as compoñentes do equipo de Orientación (Orientadora, Especialistas de P.T., Especialista de A.L. e profesora de educación compensatoria) permitiunos dar a mellor atención posible, dentro dos nosos medios materiais e humanos, e acadar significativos e gratificantes avances que nos animan a continuar cos nosos esforzos.

Durante o curso mantivemos xuntanzas periódicas co Xefe de Estudos co obxectivo de analizar e coordinar a intervención educativa en relación ao alumnado con N.E.A.E. Con esta mesma finalidade mantivemos contactos cos servizos externos (Hospital Materno Infantil, Equipo Orientación Específico, gabinetes privados,...) que prestan unha atención socio-educativa e sanitaria a parte do noso alumnado.

Por suposto, colaboramos en todo momento co profesorado que o demandou e coas familias para establecer unha relación fluida, necesaria para acadar os nosos obxectivos. Neste punto, aínda que as familias comprenderon as limitacións impostas pola diminución de persoal de A.L., non deixaron de expresar durante todo o curso o seu malestar polos recortes no número de sesións de apoio .

Tendo en conta as dificultades experimentadas durante este curso, a gran cantidade de alumnado do noso centro e o significativo número de problemáticas severas e específicas que temos, tanto entre o alumnado de Primaria como en E. Infantil; todos (profesorado e familias) confiamos en poder contar de novo cun segundo especialista de A.L. durante o próximo curso.

## **MEMORIA DO PLAN DE ACTUACIÓN DA AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA (ESPECIALIDADE DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E EDUCACIÓN COMPENSATORIA)**

No presente curso 2009-10, o profesorado de apoio interviu nos seguintes eidos:

## **EDUCACIÓN INFANTIL**

En Educación Infantil a mestra de pedagogía terapéutica atendeu a nove alumnos, con características e necesidades diferentes, que se poden resumir nas seguintes:

- Unha alumna de tres anos con dificultades na relación cos seus iguais, problemas de atención e de linguaxe.
- Un alumno de tres anos con dificultade en habilidades sociais, con problemas de atención, de linguaxe e comunicación, á espera de diagnóstico de posible autismo.
- Unha alumna de catro anos con síndrome de Down mosaicista. Necesita traballar a área manipulativa e a expresión oral.
- Outra alumna de catro anos con dificultades significativas na súa aprendizaxe.
- Un alumno de catro anos e unha alumna de cinco que reciben apoio debido a retraso escolar por causa do gran absentismo.
- Unha alumna con problemas de linguaxe á que lle realizaron dous implantes cocleares.
- Un alumno de cinco anos con dificultades de aprendizaxe e outro da mesma titoría con autismo.

O apoio realizouse case totalmente fóra do grupo ordinario debido a que son bastantes alumnos e sería imposible realizar o apoio dentro dos grupos.

As horas que recibiron de apoio están entre catro e cinco á semana por alumno.

### **QUE SE TRABALLOU?**

- O corpo humano, representación e identificación das partes por medio de xogos e cancións.
- Os obxectos, cualidades, clasificación dos obxectos en canto a formas, cores...

- Series numéricas e cantidades, o calendario a data...
- Habilidades sociais como saudar, despedirse, pedir as cousas, dirixirse ós demais...
- Vocabulario aprendido a través de imaxes de animais, acción, partes da casa, obxectos, alimentos...
- Lectura de contos, aprender a escoitar e a mirar contos e responder despois preguntas acerca deles.
- Trazado de letras, sobre todo as vocais.
- Xogo simbólico, de construción...
- Xogos manipulativos e destrezas como p.ex. pegar, despegar, atar, moldear, picar, pintar cos dedos, rasgar, recortar...

### **EDUCACIÓN PRIMARIA**

Na etapa de Primaria recibiron apoio ás necesidades educativas , por parte das mestras de P.T . 19 nenos e nenas de 1º , 2º e 3º ciclo , tanto dentro coma fóra da aula.

A intervención foi dirixida a alumnado con diversas dificultades de aprendizaxe:

- Alumnado con dificultades graves de aprendizaxe na lectura, escritura e no cálculo.
  - Alumnado con deficiencias psíquicas (Síndrome de Down, Síndrome de Sotos)
  - Alumnado con dificultades cognitivas e metacognitivas.
  - Alumnado con trastornos conductuais (impulsividade, hiperactividade e déficit de atención).
  - Alumnado con baixa autoestima e autoconceito, desmotivado cara as aprendizaxes.
  - Alumnado con déficit nas habilidades sociais, intercomunicativas, organizativas...
  - Alumnado con desvantaxa lingüística e curricular.

A nosa liña de actuación no presente curso incidíu na consecución dos obxectivos propostos na Programación Xeral realizada a principio do curso.

### **Intervencións:**

#### ● A nivel de centro:

Participamos como membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Participamos e colaboramos como membros das distintas comisións:

- Equipo TIC, Actividades extraescolares e Dinamización do Observatorio da Convivencia Escolar.
- Participamos activamente nas decisións e reunións do D.O. mediante as reunións planificadas na programación do Departamento, e sempre que foi necesario para a resolución de problemas puntuais.

#### ● A nivel de profesorado:

- Procuramos manter unha coordinación e comunicación fluída co profesorado que atende ó noso alumnado co obxectivo de acadar unha liña común de actuación e de traballo.
- Cooperamos e colaboramos no desenrolo e avaliación das ACIS.
- Colaboramos co profesorado na elaboración e oferta de materiais didácticos adaptados ó alumnado e /ou o grupo.
- Elaboramos os informes que reflicten o nivel de consecución dos obxectivos acadados por este alumnado no presente curso.
- Elaboramos caderniños de traballo e diversos materiais adaptados para facilitar ás aprendizaxes deste alumnado seguindo na medida do posíbel o establecido polo seu profesor- titor.

#### ● A nivel familia:

- Procuramos, xunto cos titores, asesorar e implicar ás familias na vida educativa e académica dos nenos/as a través de diversas

actividades como: entrevistas, reunións conxuntas e individuais, encontros e festividades...

- Intercambiamos información dos seus fillos/as sobre: comportamentos, hábitos de estudo, lectura, traballo, ocio e tempo libre... sobre a vida afectiva, social, lingüística...

-Procuramos unificar normas, regras e liñas comúns de actuación como modo de consolidar un axeitado desenvolvemento integral por parte dos alumnos.

-Informámoslles oralmente e por escrito, cando foi necesario, sobre a evolución e progreso educativo e persoal dos seus fillos/as.

-Traballamos en equipo con algunhas familias, ofertando materiais e procedementos para a recuperación de aprendizaxes básicos .

●A nivel alumno/a:

-En función das necesidades do alumnado, realizáronse dous tipos de medidas de atención a diversidade: o Reforzo Educativo e as Adaptacións Curriculares.

Dentro do primeiro apartado adoptáronse dúas modalidades: a) apoio na aula base, ben ó

alumnado, ben ó grupo; b) apoio na aula de P. T. a un grupo numeroso de alumnado que

ben presentaban desfases curriculares ou outro tipo de dificultades. No primeiro caso

traballouse seguindo unha liña común: marcouse o Nivel de Competencia Curricular de cada

alumno, seleccionáronse os obxectivos e contidos a nivel individual, así como os materiais curriculares. Traballouse, polo tanto, con programas individualizados adaptados ás necesidades ou problemática de cada alumno/a. Avaliouse a programación segundo os ítems que marca a actual lexislación (observación dos contidos en proceso) para posterior seguimento da mesma.

Con respecto ás aprendizaxes previstas con este alumnado na Programación Xeral Anual, destacar que as actuacións levadas a cabo no curso e o grao de consecución dos obxectivos aparecen reflectidas nos informes individuais.

Para rematar, decir que en todo momento procuramos crear un axeitado clima de ensinanza aprendizaxe cos nosos alumnos, tanto cando traballamos dentro como fóra das aulas ordinarias, empregando (sempre que o excesivo número de alumnos/as que tivemos que atender nolo permitiu) aprendizaxes significativos e funcionais.

#### **- ESPECÍFICO DA ESPECIALIDADE DE EDUCACIÓN COMPENSATORIA**

No presente curso 2009-10 recibiron apoio educativo da mestra da especialidade de Educación Compensatoria, 27 nenos e nenas de 1º, 2º e 3º ciclo de Primaria.

- A intervención foi dirixida a alumnado con diversas dificultades de aprendizaxe
- Alumnado con dificultades de aprendizaxe na lectura, escritura e no cálculo.
- Alumnado con desfase curricular por mor do absentismo e /ou deprivación socio-cultural
- Alumnado procedente do estranxeiro.

Por mor da mobilidade do colectivo atendido, producíronse altas e baixas de alumnado ó longo do curso o que nos obrigou a flexibilizar os grupos e os materiais así como a adecuar as programacións da aula base na procura da rápida adquisición das competencias necesarias para a integración do alumno no seu grupo.

Traballouse en estreita colaboración dentro da aula de apoio e do Departamento de

Orientación, polo tanto o anteriormente desenvolvido dentro da aula de P.T. tamén é aplicable á aula de compensatoria.

O grado de consecución de obxectivos e contidos no alumnado que recibiu apoio foi satisfactorio en xeral.

### **PROPOSTA DE MELLORA DA AULA DE ATENCIÓN EDUCATIVA**

- É fundamental a asignación dun tempo para a coordinación co profesorado.
- Priorizar no curso que ven a selección, clasificación e rexistro de material didáctico necesario para atender as necesidades educativas do alumnado.
- Estudar as posibilidades de flexibilizar o horario de atención ó alumnado que recibe apoio, atendendo ás necesidades do procedemento.
- Reunión co/coa titor/a de alumnado con adaptación curricular previa a cada avaliación; para tomar en equipo as decisións que atinxen a ese alumnado.

O Observatorio da Convivencia constiúuse no CEIP."Emilia Pardo Bazán" no curso 2.007/08. Ao longo dese curso levouse a cabo un traballo de investigación (asistencia a conferencias,cursiños...) xa que aínda que as súas funcións aparecen recollidas no Decreto 85/207 do 12 de abril que crea esta figura, consideramos necesaria recabar máis información de centros doutras comunidades que xa traballaban sobre este tema.

Ao longo do curso 2.008/2.009 -ademáis das reunións do Observatorio- levouse a cabo un traballo de investigación (enquisas ao alumnado, ao profesorado) para detectar os problemas de convivencia no noso Centro e ofertar solucións. Todo este traballo figura na memoria do pasado curso. Constatouse que os problemas aparecían no patio -no tempo do recreo-, maiormente pola falta de espacio (parte do patio estaba inutilizado



polas obras que levabanse a cabo: polideportivo...)

Desde o Observatorio da Convivencia elaborase unha proposta de acotar espacios nos que o alumnado xogaríase co material que ofertase o Colexio (faríase un calendario de quendas e espacios de xogos para o alumnado de primaria. Esta proposta levase ao Claustro. Considerase que unha excesiva “compartimentación” do espazo do patio non favorece o xogo libre, pero parécelle positivo que o Centro oferte materiais para que o alumnado conte con máis medios para o xogo (maiormente aqueles que non xogan ao fútbol)

No comezo do curso 2.009/2.010 acordase que sexa o Departamento de Orientación quen se faga cargo do Observatorio da Convivencia (ademais dos representantes dos pais, alumnos...) xa que nos dous anos anteriores era unha profesora quen coordinaba ao Observatorio.

Comezamos o curso cunha grave problema de espazo no patio de Primaria: gran parte non se pode empregar pola construción dun Patio Cuberto. Estas obras vanse prolongar ata finalizar a segunda avaliación polo que temos que modificar o sistema de entradas e saídas, así como os recreos. É necesario facer o recreo en dúas quendas (1º,2º e 3º de Primaria de 11:30 a 11:55 ; 4º,5º e 6º de 11:55 a 12:20) xa que o patio queda moi limitado, así como reducir o tempo do recreo.

A proposta do curso anterior (que o colexio oferte material...) non se pode levar a cabo xa que os espacios nos que se podería facer quedan inutilizados (patio cuberto traseiro, zona dianteira na que se fan agora as filas...)

Este curso elísenxe aos representantes do alumnado (un de 6º e outro de 5º) despois de explicarlle ao alumnado as funcións do Observatorio. O Observatorio reúnese unha vez , aínda que no Departamento de Orientación

tratanse temas relacionados co O. da Convivencia.

Ao longo deste curso non se detectan graves problemas na convivencia no Centro (os representantes do alumnado coinciden nesta opinión) aínda que as “condicións obxectivas” non fosen favorables ( obras no patio e falta de espacio, recreos nas aulas...) polo que a valoración que facemos é positiva.

### **BIBLIOTECA (Memoria 2009-2010)**

Este curso a B. E. tivo un funcionamento atípico con respecto á cursos anteriores:

- O horario da B. E. durante o recreo quedou dividido en dúas sesións que atendían aos diferentes ciclos debido á modificación do horario xeral de recreo por causa da construción do patio cuberto. Esta situación mantívose durante unha boa parte do curso.

- Tamén durante aproximadamente dous meses a B.E. acolleu durante a xornada escolar a diversas aulas de Infantil e Primaria do Centro cando se estaban a realizar labores de pintado de ditas aulas.

Comezou tamén a B.E. unha nova andaina sen o soporte de PLAMBE no que estivemos os 4 cursos anteriores.

### **1.- ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DA BIBLIOTECA**

**A Comisión da Biblioteca** estivo formada durante este curso por catorce profesores/as.

#### **Adquisición, xestión e organización de novos fondos:**

Adquirimos novos documentos, tanto de información como de ficción, e tanto

en soporte de papel como audiovisual ou informático. Dos fondos adquiridos catalogamos uns 400 documentos, cantidade similar á do curso pasado.

“Programa MEIGA”: Seguimos a empregar o programa “Meiga” de xestión bibliotecaria, para catalogar os novos documentos. Continuamos tamén durante este curso introducindo os códigos de barras que non estaban antes do volcado ao programa Meiga dende o programa informático anterior e que aínda non rematamos debido á gran cantidade de documentos da nosa B.E. De paso, seguimos completando estes rexistros bibliográficos máis antigos, introducindo a ubicación dos libros, a sección, as materias, etc. En definitiva, millorando o noso catálogo.

Proseguimos tamén este curso introducindo as portadas dos documentos no catálogo en Internet. É unha tarefa laboriosa pero pensamos que compensa o traballo, xa que axúdanos a nós a localizar con máis facilidade o documento e tamén aos alumnos, e dá unha visión máis completa. Durante este curso modificouse o xeito de “subir” as portadas a internet, pasando de facelo dende o propio catálogo da B.E. a ter que enviar as imaxes aparte, vía e-mail.

### **Préstamos:**

Preparamos os novos carnés de lector para o alumnado e profesorado que chega por primeira vez ao Centro e tamén para os que o perderon.

Continuamos coa mesma política de préstamos que seguimos ata agora. A primeiros de outubro abríuse a Sala e a partir de entón mantívose aberta durante toda a xornada escolar (de 9 a 14 h.) e pola tarde, de 16 a 18 h. (agás o luns) atendida polo profesorado de garda. Efectuáronse préstamos durante o recreo e pola tarde; tamén os titores prestaron ás súas titorías.

Realizáronse uns 2900 préstamos (arredor de 1000 menos con respecto ao curso anterior), o que supón un descenso notable. Cremos que esta caída está motivado en boa medida por:

- Apertura da B.M. do barrio que incide especialmente na baixa frecuencia de visitantes pola tarde en contraste con anos anteriores.
- Repetidos peches da B.E. durante o recreo debido a causas xa enunciadas ao principio (albergue de aulas...).

## **2.-DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS. INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS**

### **- DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS**

#### **➤ Exposicións e Lecturas de textos:**

- **Exposición de Novidades de Outono**, coa que abrimos a B.E. no mes de outubro.
- **Exposición sobre o Medo**, que sempre ten moi boa acollida por parte do alumnado.
- **Exposición de Nadal**, no mes de decembro.
- **Exposición de Novidades de Inverno**, a partir do mes de xaneiro.
- **Exposición dedicada á poesía** aproveitando o centenario de Miguel Hernández.
- **Recitado de poemas de Miguel Hernández** pola megafonía do

Centro no Día do Libro.

- **Exposición sobre Uxío Novoneyra** dentro dos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas.
- **Exposición de Novidades de Primavera.**

➤ **Eventos realizados na B.E. durante este curso:**

- Charla sobre Haití ofrecida pola ONG “Médicos sen fronteiras”.
- Emisión do programa de radio “A radio na escola”.
- Encontro co ilustrador de libros **Suso Cubeiro** que efectuou unha demostración da súa arte acadando que os alumnos participaran tamén activamente.
- Filmación dun anuncio para a cadena de TV Localia dentro da campaña de animación á lectura do Concello. Filmouse a varios alumnos que recomendaban un libro e expoñían os motivos polos que lles gustaba.

➤ **Uso da Sala da B.E. como centro de recursos multimedia:**

- Uso do canón de vídeo para presentación de unidades temáticas, visionar películas, fotos, ilustracións,...
- Utilización dos ordenadores e uso de internet.

- Consulta do catálogo da B.E. en internet.

➤ **Materiais producidos:**

- **Guías:**

Entregáronse unha **guía sobre o funcionamento e servizos** que presta a B.E. e **dúas guías de lectura** para o alumnado e o profesorado, unha antes das vacacións **de Nadal** e outra antes das vacacións **de verán** .

- **Revista dixital:**

Participación na revista dixital do Centro coa elaboración de varios artigos:

- Lecturas para o Nadal
- Lecturas para o verán
- Diplomas “Leóns Dourados” 2010

- **Diplomas “Leóns Dourados”:**

Tamén elaboramos os Diplomas para os “Leóns Dourados”, que se entregan a aqueles nenos /as que se distinguen pola súa participación lectora na B.E.

Nun acto ao fin de curso dáselles un agasallo como os máis lectores da B.E., xunto co diploma.

**- INTEGRACIÓN NO TRATAMENTO DO CURRÍCULO E A SÚA  
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS  
BÁSICAS**

- Realizáronse préstamos ás aulas de documentos relacionados con temas do currículo.
- Utilizouse a B.E. para facer as buscas de información que necesitou o alumnado, de cara a desenvolver as súas competencias lectoras, escritoras e das TIC.
- Efecturáronse presentacións de unidades didácticas a través das TIC.

### **3.- FORMACIÓN DE USUARIOS E EDUCACIÓN DOCUMENTAL**

Realizáronse visitas á B.E. do alumnado (especialmente dos primeiros niveis) acompañados dos seus titores/as de cara a que vaian coñecendo o espazo físico, a organización dos documentos,, e os servizos que ofrece.

Utilizouse asimesmo a B.E. para facer buscas de información e investigación, sobre todo na área de Coñecemento do Medio.

Tamén o profesorado participou en actividades de formación: Unha profesora da Comisión e máis a Coordinadora asistiron en Santiago de Compostela aos “Encontros de Bibliotecas Escolares de Galicia” os días 23 e 24 de outubro de 2009.

### **4.- FOMENTO DA LECTURA E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR DE CENTRO**

Continuamos co “Proxecto de Lectura Silenciosa Sostida” e colaboramos na elaboración do Plan Anual de Lectura.

#### **MEMORIA DO PLAN ANUAL DE LECTURA**

**Programa anual de obxectivos e accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro**

#### **1.- GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS**

Consideramos que os obxectivos programados no Plan Anual de Lectura cumpríronse en liñas xerais satisfactoriamente, aínda que hai outros que para acadalos necesitan máis tempo.

## **2.- DINAMIZACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR.**

Ver Memoria da B.E.

## **3.- RUTINAS DE LECTURA. ACTIVIDADES SISTEMÁTICAS**

Dende o curso 2002-2003 levamos a cabo o **“Programa de Lectura Silenciosa Sostida”**. Co tempo fóronse introducindo nalgunhas aulas certas modificacións, como, por exemplo, a lectura colectiva no terceiro ciclo, que van flexibilizando, enriquecendo e axustando o proxecto aos lectores.

## **4.- ITINERARIOS LECTORES**

Seleccionáronse unha serie de títulos axeitados para cada nivel de idade, escollidos con criterios de calidade e en función dos obxectivos recollidos no Proxecto Lector. Son os seguintes:

### ***Primeiro Ciclo:***

- 1º: - “Los cuervos del jardín “. Aldous Huxley
- “Rata Linda de Compostela” . Bernardino Graña

- 2º: - “Alibarú”. Selección de poemas de José M<sup>a</sup> Plaza
- “A galiña azul”. Carlos Casares

### ***Segundo Ciclo:***

- 3º: - “A vaca titiriteira”. Concha Blanco
- 4º: - “Ese no es mi zoo”. Elvira Menéndez
- “Un misterio na mochila de Alba”. Fina Casalderrey

### ***Terceiro Ciclo:***



- “Apareció en mi ventana”. Alfredo Gómez Cerdá
- “Matilda”. Roald Dahl
- “As bruxas”. Roald Dahl
- “O misterio dos fillos de Lúa”. Fina Casalderrey
- “O misterio do cemiterio vello”. Fina Casalderrey
- “El mago de Oz”. L. F. Baum
- “Palabras de Caramelo”. Gonzalo Moure
- “Momo”. Michael Ende

## 5.- ACTIVIDADES

### ➤ E. INFANTIL

- ⤷ Continuouse co Proxecto Lector.
- ⤷ Sesións diarias de lectura.
- ⤷ Visitas á B. M. do barrio, con actividades sobre “Ole”, mascota da Biblioteca.
- ⤷ Creación de material multimedia e utilización das novas tecnoloxías na animación á lectura: Grabación de contos polos nenos, traballos sobre eles, tradución dun conto galego a outros idiomas, coa colaboración de familias orixinarias doutros países.
- ⤷ Elaboración de contos viaxeiros en colaboración coas familias e logo presentación nas aulas.
- ⤷ Actividades de dramatización e representación de poesías, contos e ditos populares.
- ⤷ Traballos de investigación arredor dun tema: traballos sobre animais baseándose en contos pero para distinguilos dos libros de información.
- ⤷ No tempo do “Día das Letras Galegas” actividades sobre o autor deste ano.
- ⤷ Participación na elaboración do folleto das bibliotecas municipais dentro do plan de fomento da lectura.

— Colaboración coas familias: Polo Nadal cada familia aporta un conto, para así incrementar a B. de aula, utilizándose estes contos para animación á lectura e actividades na aula. Decidiuse que a partires do curso 2010-2011 fágase esa aportación a principios de curso.

### ➤ 1º CICLO

- Participación no P.L.S.S.
- Participación na elaboración do folleto das bibliotecas municipais dentro do plan de fomento da lectura.
- Visitas guiadas a B.E., especialmente a principios de curso, para coñecer ou volver lembrar seccións, funcionamento, ...
- Presentacións aos alumnos en momentos puntuais de novidades de libros, textos diversos, ...
- Narración de contos, poemas,... polos profesores ou alumnos.
- Lectura nas aulas de todo tipo de textos, unhas veces de xeito silencioso e individual e outras colectivamente.
- Dramatización dalgunhas das lecturas leídas.
- Lectura compartida de dous libros por nivel, un en castelán e outro en galego:
  - En 1º: “Los cuervos del jardín” de Aldous Huxley e “Rata Linda de Compostela” de Bernardino Graña.
  - En 2º: “Alibarú”. Selección de poemas de José M<sup>a</sup> Plaza e “A galiña azul” de Carlos Casares.
- Realización de actividades plásticas relacionadas coas lecturas.
- Encontro co ilustrador Suso Cubeiro, actividade na que os alumnos participaron activamente realizando, mediante as indicacións e suxerencias do autor, os seus propios debuxos.
- Iniciación á búsqueda da información: elaboración dunha pequena ficha de traballo relacionada con contidos curriculares de Coñecemento do Medio.
- Recomendacións de libros que se poidan mercar para a B.E.

- Aportacións de contos, cómics,...polas familias para a biblioteca de aula.
- Participación nunha reportaxe aparecida na sección de *Sociedade* de “La Voz de Galicia” co título de “Hora de ler” publicada o día 29 de novembro de 2009. Relatábase a experiencia do Proxecto Lector do noso Centro e incorporábase a imaxe de alumnos do Ciclo lendo nese tempo.

➤ **2º CICLO:**

- Participación no P.L.S.S.
- Lectura compartida de libros.
  - En 3º : “A vaca titiriteira” de Concha Blanco.
  - En 4º : “Ese no es mi zoo” de Elvira Menéndez e “Un misterio na mochila de Alba”.
- Actividades orales e máis escritas sobre os textos anteriores.
- Charla-coloquio sobre “Un misterio na mochila de Alba” cunha persoa enviada pola editorial que publicou o libro ante a imposibilidade de que viñera a propia autora.
- Elaboración de traballos sobre animais e plantas da nosa zona coa posterior confección de libros co traballo realizado. Pasarán moitos deles a integrarse na B.E.
- Charla dun membro da Fundación Luis Seoane sobre a vida e obra deste autor con posteriores actividades plásticas.

➤ **3º CICLO:**

- Traballáronse todas as actividades propostas na P.X.A. para o Plan Anual de Lectura.
- Para as lecturas propostas polos titores/as contouse cos seguintes títulos: “Apareció en mi ventana” de Gómez Cerdá; “Matilda” e “As bruxas” de Roald Dahl; “O misterio dos fillos de Lúa” e “O misterio do

cemiterio vello” de Fina Casalderrey; “El mago de Oz” de L. F. Baum; “Palabras de Caramelo” de Gonzalo Moure; “Momo” de Michael Ende.

— Como novidade este curso informatizouse a biblioteca de aula nas aulas de 6º curso. A xestión da biblioteca corre a cargo dos alumnos.

### ➤ **ACTIVIDADES XERAIS DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

Ver Memoria da Biblioteca.

### **6.- LER EN FAMILIA**

Animouse ás familias ( a través das reunións colectivas ou das titorías individuais) para que colaboraran na consecución do obxectivo de facer lectores pois a súa axuda é fundamental para o éxito desta empresa.

### **7.- AVALIACIÓN**

No 1º Ciclo a avaliación efectuada sobre o Plan Anual de Lectura é positiva. Atópanse algunhas dificultades ao principio do curso nos alumnos de 1º para centrarse nos 20 minutos da “Hora de Ler” pero logo se adaptan á dinámica.

No 2º Ciclo estiman en xeral positiva a avaliación.

No 3º Ciclo consideran a avaliación positiva, sobre todo no caso das lecturas colectivas con textos indicados polos titores/as. Observan, non obstante, que ningunha das actividades do Plan fai lector ao alumnado que non aprecia a lectura, aínda que as lecturas colectivas adoitan prender máis a atención dos non lectores.

### **MEMORIA ANUAL DA COMISIÓN TIC**

#### **VALORACIÓN DO GRAO DE CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS**

Na PXA 2009-2010 figuraban enumerados os obxectivos e actividades para o presente curso escolar:

***1.Potenciar o uso das TIC como ferramenta de traballo no proceso de ensino-aprendizaxe.***

Para acadar este obxectivo deseñáronse uns carros móbiles de proxección distribuídos polos edificios de educación infantil e primaria. Cada carro consta do seguinte equipamento:

- \* Mesa con rodas e sistema multibase de enchufes con interruptor de encendido e apagado.
- \* Ordenador portátil ou CPU con teclado e rato.
- \* Videoproxector.
- \* Altofalantes (2).
- \* Conexión wifi con acceso a internet.

A distribución dos carros de proxección foi a seguinte.

- ↳ Educación infantil: 3
- ↳ Educación primaria: 3 (un para cada ciclo)
- ↳ Sala de profesorado: 1

Para completar o equipamento de proxección realizouse a instalación de pantallas extensibles en tódalas aulas de educación infantil e tamén en tres aulas de educación primaria (unha en cada ciclo de educación primaria). Na Sala de profesorado tamén situouse unha pantalla e outra no patio cuberto de educación infantil.

No apartado de recursos web elaborados polo profesorado do centro cabe citar a incorporación de novos espazos-web:

- ↳ ENGLISH WITH ROSA (<http://rosenglish.blogspot.com/>): Blog de inglés da profesora Rosa M<sup>a</sup> Fernández. Gañadora do 2º premio ó mellor blog de aula no concurso mundial “Eublogs Award 2009”.
- ↳ LOS ROSALES IN ENGLISH (<http://losrosalesinenglish.blogspot.com/>): Blog de inglés da profesora M<sup>a</sup> Carmen Vázquez Casanova.

Mantéñense o resto dos espazos web:

- ↳ PÁXINA WEB DO COLEXIO (<http://centros.edu.xunta.es/ceipemiliapardobazan.coruna/>).
- ↳ Revista dixital E-Journal (<http://ejournal.eduprojects.net/CEIPpardobazan/>).
- ↳ TIC TIC TIC: Blog da Comisión TIC (<http://toctictictic.blogspot.com/>)
- ↳ PROXECTO TOUPIÑA: Blog de educación infantil

(<http://infantil5.blogspot.com/>)

→AULA BLOGUE: Blog de educación infantil (<http://maria-eduinfantil.blogspot.com>)

→COUSAS DO COLE: Blog coas novas do Consello Escolar (<http://eu.blogspot.com/weblog/page/eu>)

→ANPA MILNENOS: Páxina web da ANPA “Milnen@s” (<http://www.milnenos.es/>)

## 2. Fomentar o uso das TIC no alumnado como medio de apoio e reforzo na súa aprendizaxe.

Para acadar este obxectivo fixéronse múltiples actividades empregando os recursos TIC cos que o centro conta: biblioteca escolar, aula de informática, ordenadores das aulas e do Salón de Usos Múltiples, encerados dixitais interactivos.

A modo de resumo dalgunhas delas pódense citar:

→Elaboración de artigos para a revista dixital referidos ás áreas curriculares:

CMNSC: 12

LINGUAS: 13

E. ARTÍSTICA: 1

E. RELIXIOSA: 1

E. INFANTIL: 9

E. FÍSICA: 1

## **3. Impulsar o uso das TIC como medio de comunicación entre os membros da comunidade educativa.**

Para acadar este obxectivo tentouse realizar a comunicación co profesorado empregando o correo electrónico, no referente ás convocatorias de claustro e de consello escolar, así como o envío e remisión de documentos, medrando notablemente os usos dixitais respecto a cursos anteriores.

## **4. Mellora-la alfabetización dixital na comunidade educativa.**

A consecución deste obxectivo pódese considerar parcial, xa que no apartado do profesorado traballouse moito na alfabetización dixital, especialmente en educación infantil. Na etapa de educación primaria a participación do profesorado nun Grupo de Traballo sobre o encerado dixital e un Seminario Permanente sobre a revista electrónica foron os referentes nas TIC.

\* Educación Infantil:

No referente ás Tecnoloxías da Información e Comunicación, contamos con tres sesións semanais de asesoramento específico que xunto coas de dinamización e coordinación TIC adicáronse a:

- + Resolución de problemas relacionados co funcionamento dos equipos.
- + Xestión de documentos compartidos en liña.
- + Aplicación de programas educativos
- + Creación de materiais educativos.
- + A integración da web 2.0 e as aplicacións educativas como ferramenta de traballo tanto nas aulas como entre o profesorado.

Neste curso:

- Conseguiuse o acceso wi-fi en todas as dependencias do edificio azul, o que facilitou a integración de programas e recursos educativos en liña.
- O encerado dixital interactivo foi utilizado por todo o alumnado de infantil, dun xeito sistematizado con sesións fixas semanais e agrupamentos flexibles.
- Dotación ás aulas de pantallas.
- Proxectores de uso compartido

\* Educación Primaria:

- No 1º ciclo traballouse na busca de información sobre temas relacionados co Coñecemento do Medio e tamén sobre as linguas.
- No 2º ciclo realizáronse materiais didácticos para o encerado dixital, visualizándose e traballando o alumnado sobre animais e plantas da zona de

influencia do centro (Aula de Pcs).

- Tamén realizáronse no Nadal actividades de busca de información sobre “O *Apalpador*” e tamén sobre temas relativos a Coñecemento do Medio (Equipo informático do 2º ciclo).

- Estudio das aves e animais mariños da costa de A Coruña (Equipo informático da biblioteca).

- Busca de información sobre temas para Atención Educativa e sobre temas curriculares doutras áreas ( Equipos informáticos das aulas).

- No 3º ciclo realizáronse buscas de información referidas ás linguas, especialmente en galego sobre *Uxío Novoneyra* (Pcs das aulas). Noutros casos, o alumnado realizou proxectos sobre temas concretos que logo eran proxectados empregando o carro móbil para expoñelos ó resto de compañeiros/as.

- Empregouse unha aplicación informática, xestionada polo alumnado, para levar o control de préstamos das bibliotecas de aula.

- Utilizáronse as TIC para actividades interactivas sobre lingua e matemáticas.

- Na aula de Apoio empregáronse recursos didácticos interactivos sobre áreas do currículo.

- En Inglés traballouse co Libro Dixital no 3º ciclo, empregándose proxeccións esperádicas (Powerpoint e web 2.0) para páxinas interactivas. Tamén fíxose uso dos blogs temáticos como material complementario, a modo de aula virtual.

As deficiencias de conectividade que presentou ó longo do curso a rede wi-fi dificultou o emprego das TIC dun xeito normalizado.

Mentres que no referido ó colectivo das familias non se realizaron as actividades previstas inicialmente, por falla de tempo e de recursos persoais para desenvolve-las.

##### **5. Actualización e mantemento da web dinámica do colexio e da revista en liña.**

A páxina web do centro segue a presentar dificultades de administración e



por este motivo segue a precisar dunha participación máis ampla do profesorado, para que os diversos apartados que a compoñen se nutran dos recursos TIC que se utilizan a cotío nas aulas.

En tanto a revista en liña segue medrando considerablemente coa aportación de novos redactores, tanto a nivel do profesorado como do alumnado, acadando este curso a publicación dun total de 51 artigos.

Nas reunións da Comisión TIC celebradas ó longo do curso tratáronse as seguintes cuestións:

- Participación do profesorado en actividades de formación: Grupo de Traballo e Seminario Permanente.
- Organización e distribución do equipamento TIC.
- Sesións prácticas de uso do E-Journal (revista dixital).
- Informacións sobre a implantación do Proxecto Abalar.
- Valoracións sobre a instalación por conta do colexio do canleado nas aulas do 3º ciclo de EP.
- Acordo unánime da Comisión TIC para acondicionar o colexio para ser centro Abalar.

## **6. *Propostas de inversións en equipamento para o curso escolar 2010-2011.***

Se a dotación económica o permite considéranse as seguintes necesidades:

- ↯Incrementar os equipos móbiles de proxección.
- ↯Completar o equipamento móbil coa adquisición de impresoras multifunción, teclados e ratos inalámbricos.
- ↯Adquirir lectores de documentos e cámaras web para educación infantil.
- ↯Adquirir memorias externas ou ben lápices de memoria para a Aula de Apoio.
- ↯Mellora-la conectividade wi-fi en educación primaria.

## **7. Actividades TIC.**

Como Coordinador TIC asistín en Madrid ó Congreso Iternacional de EDUCARED e participei na constitución dunha plataforma de colaboración entre os/as coordinadores/as TIC dos centros educativos de infantil e primaria da provincia da Coruña, asistindo a unha entrevista co Subdirector Xeral de Servizos Informáticos para coñecer o desenvolvemento do proxecto Abalar. Lamentablemente a información que se nos pasou na citada reunión non se corresponde posteriormente coa asignación e selección da 1ª fase de centros Abalar, realizada pola Consellería de Educación e O.U., na que os centros concertados resultaron máis beneficiados que os centros públicos. Na cidade da Coruña o resultado foi de 11 concertados por 1 centro público.

## **MEMORIA DO E.A.C.E.**

En base ós OBXECTIVOS PROPOSTOS para a P.X.A. ó inicio do curso escolar que agora remata, este Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares considera que se alcanzaron en boa medida os obxectivos propostos.

1º.-Utilizáronse as actividades complementarias e extraescolares co fin de fomentar a formación dos alumnos e alumnas deste Centro. Para eso realizáronse as seguintes actividades:

1.1-Festa de inicio de curso en E. Infantil. Actuación do grupo de paiaos “Maruxa e David” coa obra “Aventuras de Pepe e Coco”.

Decidiuse non celebrala en E. Primaria por mor das obras que estaban a ter lugar no patio do colexio.

1.2-Festa do Magosto. En E. Infantil celebrouse o magosto, realizando tamén un mural alusivo ó mesmo. En E. Primaria realizouse un gran mural temático no vestíbulo do edificio, aínda que se

prescindiou do asado das castañas no patio pola mesma razón expresada no punto anterior.

1.3.-O Nadal. En E. Infantil realizouse a presentación dixital do conto popular “O apalpador”, cantáronse panxoliñas en inglés e un grupo de alumnos de Primaria interpretou música e danzas para o alumnado de E. Infantil. En E. Primaria os alumnos pintaron tarxetas de Nadal, que foron expostas en diferentes lugares do vestíbulo, sendo elexida unha delas en concurso para felicitar o Nadal ás familias.

1.4.-O Día da Paz. Nestas datas en E. Primaria os/as alumnos/as realizaron na clase de plástica o seu retrato en papel, recortado e pintado, co cal se fixo unha cadea humana polos corredores do edificio de E. Primaria, onde o alumnado de segundo ciclo cantou unha canción de paz cunha pequena coreografía. O alumnado do terceiro ciclo de Primaria saíu do Centro para formar parte da cadea humana que tivo lugar no paseo marítimo conxuntamente con outros centros de A Coruña. En E. Infantil realizouse “O baile de Don Melitón”, pintaron a pomba de Picasso a partir de seis trazos e realizouse unha presentación dixital do conto “Branco e Negro”, así como a elaboración dun artigo sobre o tema solidario.

Realizouse un ano máis o Rastrillo Solidario, coa participación de todo o Centro.

#### 1.5.-O Entroido.

En E. Infantil disfrazáronse de cociñeiros, aproveitando o proxecto que se estaba a traballar sobre “Alimentos saudables”. A continuación os nenos-as degustaron produtos típicos desta festa que as familias aportaron.

En E. Primaria disfrazáronse tódolos nenos-as cun tema de libre elección, agás dous cursos de quinto que fixeron disfraz colectivo alusivo a un tema elexido pola clase. Tamén se fixeron murgas en tres cursos de E. Primaria. Fíxose un desfile no patio e elexíronse os disfraces máis orixinais. Ao remate do desfile todos os nenos-as degustaron produtos típicos destas

datas, que eles trouxeron da casa.

#### 1.6.-O Día das Letras Galegas 2010.

Conmemorouse esta data conxuntamente co ENLG realizando o Certame das Letras Galegas 2010, adicado ó poeta galego Uxío Novoneyra, coas seguintes actividades:

En E. Infantil, ademais das actuacións que levaron a cabo todos e cada un dos cursos desta etapa, tamén actuou o grupo “Fol do Vento” para tódolos alumnos desta etapa. Os/As alumnos/as de quinto representaron para os de E. Infantil a obra de teatro “Non sexas lobo”.

En E. Primaria, ademais das actuacións musicais, recitado de poemas e reseña biográfica do autor, representáronse dúas obras de teatro: “O sombreiro de palla de Italia” (adaptación) e “Non sexas lobo”. Entregáronse os premios do concurso de composición artístico-literaria.

1.7.-Festa fin de curso. Celebrouse o venres dezaioito de xuño en E. Primaria e realizáronse as seguintes actividades:

-Para 1º, 2º e 3º nivel unha pequena obra de teatro titulada “Noite de pantasmas” e unha danza escocesa.

-Para 4º, 5º e 6º nivel a obra de teatro titulada “Camiñando con Manuel María”.

En E. Infantil celebrouse o xoves dezasete cunha actuación musical do grupo “Mamá Cabra”.

2º.-Fomentouse o coñecemento e a participación de alumnos-as e profesores-as nas festas populares e tradicionais da nosa cultura para conseguir un maior entendemento das mesmas.

3º.-Creáronse as bases para iniciar o funcionamento dun grupo de teatro permanente coa participación do alumnado nesta actividade durante todo o curso.

## **SAÍDAS ESCOLARES NO CURSO 2.009/2.010**

No curso 2.009/2.010 a maioría das saídas foron para participar nas distintas actividades que ofertou o Concello de A Coruña nos seus programas educativos de “Aprender en Coruña”.

Dentro da oferta educativa de dito programa, participamos nas seguintes actividades:

Todos os cursos de E. Infantil e E. Primaria participaron nos programas:

-”Descubrir a Música”: todo o alumnado de E. Primaria e E. Infantil (agás os de 3 anos)

asistiron aos concertos da Orquesta Sinfónica de Galicia que tiveron lugar no Pazo da Ópera e no Teatro Rosalía de Castro.

-”Descubrir o Teatro”: dentro do programa “Todo Público” de teatro infantil que ten lugar no Forum Metropolitano e no Teatro Rosalía de Castro.

-”Circuitos Culturais” (cada nivel ten xa asignada unha visita determinada: Museo de Belas

Artes, Museo Arqueolóxico...)

-”Rutas Urbanas”: participa todo o alumnado do colexio agás o 3º Ciclo de E. Primaria. A través deste programa os nenos e as nenas descubren determinados lugares da cidade así como a súa historia (Praza de María Pita, Os Cantóns...)

-”Programas de Educación Ambiental”. Participamos en “Veo, Veo”: o alumnado de E.I. de 5 anos visita a “Lagoa de Eiris” e o Primeiro Ciclo de Educación Primaria na visita ao Monte de San Pedro. O programa “Veo, veo” ten unha parte teórico/práctica de explicacións/obradoiros que fanse no colexio, despois a visita ao lugar elexido.

O alumnado de 5º de E. Primaria participa desde hai moito tempo no programa “A ruta da auga”, que ten a mesma filosofía (parte teórico-práctica/visita)

-”Radio en Ruta”: os alumnos e as alumnas de 6º de Primaria visitaron unha emisora de radio, prepararon un programa e emitíuse desde a biblioteca

do Colexio.

-"Descubrir os libros": o alumnado de E.Infantil visitou a nova Biblioteca Municipal dos Rosais (anteriormente visitábase a Biblioteca da Sagrada Familia)

O alumnado de Educación Infantil desde fai tempo visita os Museos Científicos Coruñeses:

- \* O alumnado de 3 anos vai ao Aquarium.
- \* O alumnado de 4 anos vai a Casa das Ciencias.
- \* O alumnado de 5 anos vai ao Domus.

Tamén o profesorado de L.Inglesa organizou dúas saídas (teatro) para o alumnado de 3º Ciclo de Primaria.

Ao longo do curso visitáronse algunhas exposicións que tiveron lugar nas distintas Fundacións de A Coruña: así o 3ºciclo visitou a exposición de Rodín, o 2ºciclo e exposición de "Monstruos no cine..." na Luís Seoane, o alumnado de 5º nivel unha exposición de arquitectura na Fundación Barrie, o alumnado de 3ºB/4ºC foron a fundación Caixa Nova de Santiago a unha exposición de Luis Seoane...

O alumnado de 3º nivel de Primaria -dentro dos actos do Festival Mozart- asistiu a unha representación da "Pequena Flauta Máxica" no Teatro Colón.

O alumnado de 6º de Relixión Católica visitou a Catedral de Santiago.

Todas estas saídas tiveron un marcado carácter cultural e a valoración por parte do profesorado foi positiva. A maioría dos cursos fixeron unhas 5 ou 6 saídas didácticas.

Para rematar o curso fixemos dúas saídas de carácter lúdico e de convivencia no Albergue de Gandario ao remate do curso. (A convivencia de Educación Infantil non foi posible facerla debido ao mal tempo). Asimesmo, o alumnado de 6º curso fixeron unha saída/estancia de tres días no Parque Natural das Fragas do Eume (en Alvarella)

A valoración que fai o Equipo Directivo destas actividades é moi

positiva.

## **SERVICIOS COMPLEMENTARIOS**

### **A) *TRANSPORTE ESCOLAR***

Durante este curso utilizaron o servizo de transporte escolar da Consellería 22 alumnos-as de O Portiño.

## **SERVICIO DE COMEDOR ESCOLAR E PROGRAMA DE MADRUGADORES**

Coma nos últimos anos a empresa Eurest, gracias ó convenio que mantén coa Federación de Anpas e o Concello, é a encargada de prestar o servizo de almozos e tamén de comedor, xestionando os menús e o persoal. Os dous servizos supoñen un apoio importante á conciliación familiar e laboral de arredor dun 40% das familias dos nenos que acude ó centro.

O servizo préstase en dous espazos diferenciados para nenos de infantil e de primaria.

### **PROGRAMA DE MADRUGADORES**

O Concello subvenciona unha parte do coste deste servizo, afectando o importe mensual que paga cada familia.

Durante este curso utilizaron este servizo un total de de 75 nenos (producíndose 1 soa baixa ó longo do curso), un 40% pertencentes a educación infantil. Os nenos estiveron atendidos por 3 monitoras, facendo unha delas funcións de camareira.

As modalidades ofertadas foron: fixo mensual con e sin almorzo, esporádico (días soltos) e a turnos (dúas semanas ó mes). Os nenos que utilizaron o

servicio nestas modalidades, no mesmo orde sinalado foron: 26, 30, 19 e 0. Así que principalmente se demanda o servizo mensual con ou sin almorzo, hai unha alta porcentaxe de esporádicos e a modalidade a turnos, anteriormente demandada polas familias, non foi utilizada.

|          | INFANTIL |      |      | PRIMARIA |      |      |      |      |       |
|----------|----------|------|------|----------|------|------|------|------|-------|
| Ano nac. | 2006     | 2005 | 2004 | 2003     | 2002 | 2001 | 2000 | 1999 | 1998* |
| Usuarios | 12       | 10   | 8    | 8        | 10   | 6    | 11   | 3    | 7     |
| TOTAIS   | 30       |      |      | 45       |      |      |      |      |       |

*\*Incluidos 2 nenos nados en 1997.*

## PROGRAMA DE COMEDOR

A Xunta, ata o de agora, subvencionou unha parte deste servizo no curso escolar seguinte ó que se recibe.

O total de comensais ó longo do ano foi de 226, un 41% de educación infantil e un 59% de educación primaria. O servizo ofrece tres opcións: fixo mensual (106 usuarios), fixo discontinuo (41 usuarios) e esporádico (79 usuarios). A media de comensais diarios foi de 130. O persoal dividiuse entre os dous espazos do seguinte xeito: 3 monitoras e 1 camareira para o grupo de infantil e 4 monitoras e 2 camareiras para o grupo de primaria.

Distribución por anos de nacemento:

|          | INFANTIL |      |      | PRIMARIA |      |      |      |      |       |
|----------|----------|------|------|----------|------|------|------|------|-------|
| Ano nac. | 2006     | 2005 | 2004 | 2003     | 2002 | 2001 | 2000 | 1999 | 1998* |
| Usuarios | 34       | 26   | 34   | 26       | 28   | 28   | 19   | 10   | 21    |
| TOTAL ES | 94       |      |      | 132      |      |      |      |      |       |

*\*Incluidos 3 nenos nados no ano 97.*

## Valoración do servizo:



Os maiores problemas durante este ano, coma nos anteriores, veñen derivados, desde o noso punto de vista, da mala política e xestión de persoal da empresa. Frecuentemente o persoal ten escasa ou nula formación que non se exige nin se proporciona por parte da empresa. Por outra parte, seguimos padecendo problemas de organización que presumiblemente ían mellorar neste curso gracias a modificacións na función da responsable da empresa no centro. Reestructurouse o grupo do curso pasado coa incorporación de dúas monitoras procedentes doutro centro onde levaban moitos anos. As relacións entre elas e a responsable, e posteriormente co resto das compañeiras, foron tensas desde o inicio e deteriorándose ó longo do tempo, producindo desaxustes importantes na organización e diminuíndo notablemente a calidade de atención. Desde diferencias nas normas de convivencia ou nos criterios educativos a negligencias na atención ós nenos por non pertencer ó grupo correspondente, sucedéronse as desavenencias facéndonos replantexar a continuidade do grupo coa empresa. A pesar de todo isto, debemos dicir que os nenos, en xeral, non padeceron as consecuencias desta conflictividade como sucediu o curso anterior.

Por outra banda, e sin ter nada que ver, as obras do patio cuberto que duraron case todo o curso, reduciron excesivamente o espazo vital de esparcemento sobre todo nun inverno climatolóxicamente duro coma este. Isto condicionou mais aínda o ambiente relacional dun grupo tan numeroso coma o deste comedor.

Non houbo queixas significativas respecto á temperatura, cantidade e calidade da comida nin á xestión das dietas especiais. Mellorou notablemente a xestión de baixas. A limpeza segue sendo deficitaria, aínda que un pouco mellor.

O próximo curso voltaremos facer as entregas de comedor no que agora é o patio cuberto, confiando en que estea rematado en condicións

axeitadas finalmente en setembro. Isto aliviara a situación de caos que se ven producindo pola coincidencia coa entrada ás actividades extraescolares.

## **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

### **ACTIVIDADES CREATIVAS**

Este curso púxose en marcha un novo programa de actividades extraescolares coa contratación dunha empresa de tempo libre (AXIÑA, S.L.) coa seguinte oferta e inscrición de actividades:

| <b>Hora</b> | <b>Nivel grupos</b>    | <b>Luns e mércores</b>            | <b>Martes e xoves</b>                           | <b>Venres</b>                      |
|-------------|------------------------|-----------------------------------|---|------------------------------------|
| 4-5         | Infantil e 1º Ciclo P. | Dibuxo-pintura<br><b>33 nen@s</b> | Xogos de mesa e tradicionais<br><b>16 nen@s</b> | Cocina creativa<br><b>42 nen@s</b> |
|             | 2º e 3º Ciclo P.       | Teatro<br><b>11 nen@s</b>         | ---   | ---                                |
| 5-6         | Infantil e 1º Ciclo P. | Teatro<br><b>22 nen@s</b>         | Manualidades<br><b>9 nen@s</b>                  | ---                                |
|             | 2º e 3º Ciclo P.       | Dibuxo-pintura<br><b>13 nen@s</b> | ---   | ---                                |

Con algunhas altas e baixas, mantívose a matrícula ó longo do ano, sendo algo máis significativo o cambio en cociña creativa que se reduciu nalgo menos dun tercio no mes de xaneiro, pasando a compartir todo o grupo un único espazo con 2 monitores.

En xeral en tódalas actividades, se obtivo unha valoración positiva na súa acollida, desenvolvemento e resultados. Podemos resumir a consecución de obxectivos do programa do seguinte xeito:

- Proporcionar disfrute persoal.
- Despertar creatividade, participación, iniciativa e maxinación.

- Desenvolver habilidades ou técnicas propias de cada actividade (expresión e dominio corporal, motricidade fina, aprendizaxe normas, hábitos hixiénicos relacionados coa comida,...).
- Socializar e educar en valores: desenvolver habilidades para a interacción cos demais, o respecto, a convivencia, tolerancia, o valor do esforzo e a mellora, o orde e a organización, etc.

As dificultades atopadas gardan relación principalmente cos espazos disponibles para a realización das actividades:

- Aulas non adaptadas
  - o falta escenario
  - o mobiliario non axeitado: hai que movelo para realizar determinadas dinámicas de teatro, as sillas e mesas eran moi altas para os nenos de infantil na actividade de dibuxo e pintura.
  - o Non podían deixar material de dibuxo a secar por falta de espazos.
- Subir ó 1º, 2º e 3º andar a nenos de educación infantil. Ademais da dificultades cos conseguintes riscos supoñía significativas perdas de tempo.
- Cambios entre actividades. A entrega e recollida de nenos ás 5 da tarde (nenos que seguen, que marchan e outros que veñen) ten provocado desaxustes, perdas de tempos e tensións principalmente a consecuencia da impuntualidade das familias.

## **ACTIVIDADES DEPORTIVAS**

Os deportes ofertados pola ANPA durante este curso foron: fútbol-sala, baloncesto e ximnasia rítmica. A xestión destas actividades estivo baseada na contratación de servizos (coa empresa *Tempo* no caso de ximnasia) e convenios de colaboración: con *Basket Coruña*, no caso de baloncesto e co

*Clube Deportivo Los Rosales*, no caso de fútbol-sala.

O *Clube Deportivo Los Rosales* naceu no ano 2004 (impulsado pola ANPA), coa idea de que os nenos que saen do colexio e pasan ó instituto continúen practicando deporte e tendo unha referencia no barrio. Aínda que foi ó seu nome que se podía pedir pabellón para os entrenamentos, non se puxo en marcha de xeito máis activo ata este curso. Empezou desenvolvendo a actividade de fútbol-sala e entrenando e federando o equipo de infantiles que gañou a liga o curso anterior na categoría de alevíns. O próximo curso xestionará toda a actividade deportiva da ANPA a través dun convenio de colaboración.

XIMNASIA RÍTMICA.- Este ano ó poder dispoñer dos tempos e espazos sin as restriccións que impoñía o Programa de Luditarde, a actividade de ximnasia rítmica puidose incluír en horario de 4 a 6 da tarde, establecéndose os seguintes grupos:

| <b>Hora</b> | <b>Luns e mércores</b>            | <b>Martes e xoves</b>           |
|-------------|-----------------------------------|---------------------------------|
| 4-5         | 4º-6º Primaria: <b>5 nenas</b>    |                                 |
| 5-6         | 4º e 5º Infantil: <b>12 nenas</b> | 1º-3º Primaria: <b>10 nenas</b> |

A mesma monitora entrenou ós 3 grupos, quedando en 2 en xaneiro (eliminouse o das maiores). É posible que a matrícula tan baixa deste ano teña que ver cos resultados do curso anterior xa que non gustou o labor da empresa que ofrecía o servizo. A valoración feita este curso, tanto por parte das familias coma da ANPA, e principalmente das participantes, foi moi positiva. A satisfacción cos resultados foi significativamente mellor que no curso anterior.

FUTBOL-SALA E BALONCESTO.- Un ano máis se retrasa a entrega do Pavillón co colexio, tendo que desplazarnos ó de Cocheras e dispoñer dunha soa hora de entrenamiento semanal por actividade e grupo, compartindo a pista para dous grupos simultaneamente. Sin embargo, os equipos de

benxamín e alevín de fútbol entrenaron xuntos co que ámbolos dous gañaron unha hora.

A distribución de nenos por categorías foi como segue:

|     | <b>Luns</b>                                   | <b>Martes</b>             | <b>Venres</b>   |
|-----|---|---------------------------|---|
| 4-5 | FUTBOL Benxamín<br>(14)<br>FUTBOL Alevín (11) | FUTBOL Iniciación<br>(16) | BALONCESTO Iniciación<br>(10)<br>BALONCESTO Alevín (10) |
| 5-6 | FUTBOL Benxamín<br>(14)<br>FUTBOL Alevín (11) |                           | BALONCESTO Benxamín<br>(29)                             |

En fútbol-sala participaron no Trofeo Calasanz e tamén na Federación Provincial de Fútbol, conseguindo mellores postos que en anos anteriores (terceiros e cuartos no Trofeo Calasanz). En baloncesto participaron no Torneo Caixanova e no Trofeo de Sagrada Familia.

O grado de satisfacción dos nenos participantes é elevado, en calquera das tres actividades. A finais de curso, fíxose unha xornada de clausura das actividades na que se entregaron medallas a tódolos participantes, realizando unha exhibición de ximnasia rítmica.

### **PROGRAMA DEPORTE NO CENTRO**

Co inicio durante o curso pasado dun grupo de predeporte para nenos de infantil que se realizou en horario de 6 a 7 da tarde (despois de rematada o programa de Luditarde), confirmouse o interese de nenos desta franxa de idade por participar en actividades con pouco compromiso horario. Con este criterio entendemos que o Programa de Deporte no Centro (dependente do

Servizo Municipal de Educación) ven sendo unha boa opción e iniciouse este curso con 2 grupos: un destinado a nenos de 3 a 5 anos (xogos deportivos) e outro para nenos de 1º ciclo de primaria (multideporte). Ofertáronse tamén actividades para nenos de 2º e 3º ciclo pero non houbo demanda suficiente (batuka e baile moderno, respectivamente). As 4 nenas que se apuntaran incorporáronse ó grupo de multideporte. A vista das escasas baixas e dos comentarios das familias, consideramos que o programa foi exitoso nas dúas actividades e por eso repetiremos o próximo curso. A única queixa que tivemos foi a impuntualidade reiterada da monitora un día á semana, por coincidir con outra actividade noutro centro. Demandarase que se evite a contratación de monitor para este caso con tal incompatibilidade horaria.

## **SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS**

### **Actuacións realizadas polo Concello:**

- Remodelación do patio de xogos de educación infantil coa eliminación dos areeiros e instalación dun pavimento elástico na zona dos xogos e de herba no resto.
- Reposición de 2 contedores de inorgánicos de 240 L. por deterioro (Nº 11493).
- Reposición de 2 tapas para contedores inorgánicos de 240 L. (Nº 11491-11492 9
- Solicitud de 1 contedor para orgánicos de 240 L
- Sustitución anclaxe bocina de megafonía da fachada do edificio principal
- Reparación do teito situado nas escaleiras de acceso interior ás aulas de educación infantil As fendas que presenta ameazan caer sobre as cabezas do alumnado que sube a diario por elas.
- Reparación ou substitución dun aro extraíble dunha das canastras de minibasket por causa do vandalismo.

- Arranxo do reflector de alumado nocturno
- Reparación ou substitución dunha baixante da tubería de condución de auga de calefacción situada no interior da sala do quadro eléctrico xeral
- Arranxar filtracións de auga procedentes da cuberta que provocan goteiras na aula de educación infantil EI3B.
- Purgado de radiadores no edificio de educación primaria.
- Fugas de auga nunha cisterna situada no servizo de alumnas do 2º andar do edificio de primaria
- Filtracións de auga no quadro eléctrico do edificio de educación primaria.
- Fugas de auga de pluviais procedente do canalón da cuberta no edificio de educación infantil preto da zona exterior dos arbustos
- Instalacións de extintores nas caldeiras de calefacción dos dous edificios
- Reparación persiana nunha aula
- Reposición de fluorescentes nas aulas de educación infantil: EI5A, EI5B, EI3B, EI3C, EI4A, EI4B e na zona da fotocopiadora por un total de 8 tubos
- Reposición da manilla da porta de aluminio que dá acceso ás dependencias do local do ANPA Milnenos
- Reparar fuga de auga do fregadeiro instalado nas dependencias do comedor escolar
- Reparación do tellado do edificio de educación primaria. Apréciase unha gran cantidade de tellas levantadas e con risco de caída
- Substitución do batiente de madeira da porta da aula de EP4ºB
- Reparación tubos protección das barandillas das escaleiras de acceso ó comedor.
- Substitución luces servizos hixiénicos de alumnados situado ó carón do comedor.
- Reposición bandeira no mástil da entra do colexio de EP.
- Suxección de carcasa de iluminación no teito do patio cuberto de educación infantil
- Reparación bisagra de peche retardado da porta de acceso ó patio cuberto

- Reparación manilla da porta blindada de acceso á zona administrativa
- Substitución tubo fluorescente no corredor do 1º andar en educación infantil
- Liberar tapón desagüe vertedoiro do comedor escolar para limpeza semanal
- Reparacións grifos dos servizos de alumnado do edificio de EP
- Suxeitar cisterna baixa do WC situado no botiquín
- Reposición de tapas WCs nos servizos de alumnado nos edificios de infantil e primaria
- Substitución do sistema de pechamento tipo malla flexible por malla ríxida no pechamento interior das pistas polideportivas exteriores situadas ó caron do paseo marítimo a fin de evitar accidentabilidade do alumnado e garantir a seguridade no acceso ás instalacións deportivas.
- Arranxar cisternas: 1 servizos profesoras planta baixa, 2 servizos nenas 1º andar, 1 servizos nenos 2º andar.
- Substituir pantalla tubo fluorescente por ruido, na aula de EP3ºB
- Reparar asentamento en cemento das reixas dos sumidoiros situadas na zona de acceso ó patio de educación infantil.
- Reparación da malla ríxida tipo Hércules situada na delimitación entre o colexio de infantil e o polideportivo por ter varias varillas fóra da súa anclaxe
- Revisar queimadores da caldeira de calefacción de educación primaria por saída de fume moi negro pola chimenea.
- Reparación 2 cisternas: Servizo profesorado educación infantil / Servizo nenas patio cuberto
- Arranxo táboa de madeira do alféizar dunha ventá situada na aula de 3ºC de EP
- Arranxo persiana da aula de EI3A
- Arranxar elemento de suxeición da bocina de megafonía no edificio de educación infantil
- Reposición tapas WCs (1 aseo profesorado 2º andar / 4 aseos alumnado patio cuberto).
- Arranxar fugas de auga no vertedoiro do comedor escolar por



anegamento da zona de traballo

- Arranxar 3 portas armarios comedor escolar.
- Repoñer tirador porta armario do comedor escolar
- Arranxar tubo fluorescente na aula de EP6ºA por emisión de ruído
- Sumistración dun novo contenedor de lixo de 400 litros para o patio cuberto
- Instalación de 3 papeleiras no patio cuberto
- Arranxar 1 persiana na aula de EP4ºC por ter a cinta estragada
- Arranxar reixa do patio exterior colindante co polideportivo por estar estragada, por acceso de persoas alleas ó centro debido a súa baixa altura no perímetro do pechamento
- Arranxar timbre porta acceso edificio educación infantil porque non soa
- Arranxar porta corredeira do armario da aula de EI4B.
- Repoñer anclaxe dun encerado branco na aula de apoio en educación infantil.
- Repoñer paneis de malla ríxida situados nun lateral de pista superior por presentar deterioros significativos na súa estrutura existindo riscos de accidentabilidade no alumnado
- Reposición grifo con candado para uso do persoal de limpeza no WCs dos nenos no 1º andar do edificio de infantil
- Arranxar 1 cinta de persiana no salón de usos múltiples.
- Arranxar 1 papeleira do patio por rotura das anclaxes de suxeición á parede
- Arranxar 1 cisterna dos WCs das nenas planta baixa EI
- Arranxar rodas contedor grande de lixo por imposibilidade de movemento
- Arranxar anclaxe luces de emerxencia do corredor do 2º andar do edificio de educación primaria.
- Arranxar persiana da aula de EI4B.
- Arranxar tubos fluorescentes das aulas: EP3ºB (4) / EP4ºA (6) / Servizos 1º andar: nenas (1) / nenos (2 bombillas) / Servizos 2º andar: nenas (1) / nenos (2 bombillas) / Salón Usos Múltiples (1)
- Arranxar interruptor luces servizos nenas 2º andar

- Arranxar goteira en canalón de pluviais do patio cuberto de infantil
- Pintar porta corredeira e porta batente de entrada patio de educación infantil.
- Incrementar a altura da malla ríxida na zona de acceso por escaleiras ó polideportivo por ser causa de acceso de persoas alleas ás instalacións
- Pintado integral de tódalas dependencias dos edificios de educación infantil e primaria
- Renovación integral do pechamento lateral do recinto escolar na zona colindante cos edificios.
- Substitución das canastras de minibasket das pistas exteriores por outras antivandálicas.

**Actuacións realizadas pola Consellería de Educación:**

- Construcción dun patio cuberto incompleto.
- Revisión do sistema calefactor de educación primaria para renovo no período estival.
- Dotación completa de mobiliario para unha unidade de educación primaria por incremento de unidades.

Quedan pendentes de solucionar as seguintes necesidades:

EN EDUCACIÓN INFANTIL

- 1 aula de igual tamaño que as restantes.
- 1 aula de psicomotricidade.
- 1 aula multiusos.
- 2 espazos para Relixión Evanxélica e Alternativa a Relixión.
- Reforma de servicios de profesorado e alumnado nas dúas plantas.
- Un espazo máis grande para a biblioteca.
- Sala de profesores máis grande.

- Saída de emerxencia e rotura de barreiras arquitectónicas.
- Ampliación do patio cuberto.
- Iluminación exterior.
- Comedor e espazo con calefacción e xogos para despois das comidas.

### **EN EDUCACIÓN PRIMARIA**

- Cambio de servicios de profesorado e alumnado nas catro plantas
- Cambio da instalación eléctrica.
- Reposición do ascensor.
- Insonorización da aula de música e de A.L.
- Subdivisión do espazo de secretaría para crear un novo despacho e apertura dunha ventá ao corredor para á atención ó público.
- Subdivisión da aula de apoio e compensatoria do edificio de educación primaria.
- Eliminación de barreiras arquitectónicas en todo o centro
- Comunicación cunha pasarela cuberta entre os dous centros.
- Portas de seguridade antiincendios.

As peticións de reposición de equipamento e mobiliario realizaranse no mes de setembro, Tódalas peticións de equipamento realizadas anteriormente seguen vixentes ata que sexan recibidas no centro escolar, polo que non deben ser reiteradas.

### **LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO**

**(VER RELACIÓN ANEXA)**